

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE MOSTEIRO-MEIS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
XUNTA DE GALICIA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2017-2018

07/02/2017

CAPÍTULO III:

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES
PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO
USO DA LINGUA GALEGA
PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO
PROXECTO LINGÜÍSTICO
PLAN DE FOMENTO DE LA LECTURA
PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

CONTENIDO

DOCUMENTO 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES		4
1	INTRODUCCIÓN (lexislación e aplicación).....	5
2	CADRO DE ACTIVIDADES PRIMARIA	6
3	CADRO DE ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS.....	6
4	OBXECTIVOS E CONTIDOS NO TOCANTE O CALENDARIO DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS	9
5	ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA NAS CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓN DO CURSO ESCOLAR.....	11
6	EXCURSIÓN FIN DE CURSO: 4º ESO E 6º PRIMARIA.....	15
7	ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E APERTURA DA BIBLIOTECA.....	15
8	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES	16
9	ANEXO 1: MODELO DE AUTORIZACIÓN	18
10	ANEXO 2: MODELO PARA REXISTRO DE ACE POR DEPARTAMENTO/NIVEL	19
11	ANEXO 3: MODELO DE SOLICITUDE DE ACTIVIDADE.....	20
12	ANEXO 4: MODELO DE SOLICITUDE AXUDAS DE MANUTENCIÓN	21
DOCUMENTO 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.....		22
1	OBXECTIVOS	22
2	ACTUACIÓNS.....	23
3	RELACIÓN DE ACTIVIDADES:.....	23
3.1	CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES.....	34
DOCUMENTO 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO		36
1	Plan de Formación Permanente do Profesorado.....	37
1.1	ITINERARIO: <i>Escola inclusiva e atención á diversidade</i>	37
1.2	ITINERARIO: <i>Convivencia escolar, centros saudables e relación coas familias</i>	37
DOCUMENTO 8: PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO		39

1.	PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE SECCIÓN BILINGÜES (CLIL/AICLE)	39
2	PLAMBE 2017-18 LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR Unha biblioteca que medra e axuda a medrar.....	42
2.1	ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	42
2.2	DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.....	43
2.3	FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL.....	43
2.4	FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ANUAL DE LECTURA	43
2.5	COORDINACIÓN DA BIBLIOTECA	45
3	CONTRATO PROGRAMA CPI MOSTEIRO-MEIS 2017-18.....	46
3.1	Introdución.....	46
3.2	PROA.....	46
3.3	REFORZO EN COMPETENCIAS CLAVE EN 3º E 4º ESO	48
3.4	Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.....	49
3.5	MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA	50
3.6	MELLORA NA CALIDADE NA XESTIÓN DOS CENTROS.....	51
4	PROXECTO RÍOS: A escola do río. Unha proposta de traballo compartida.	53
4.1	INTRODUCCIÓN.....	53
5	PROXECTO FITOFALADOIRO CURSO 2017-18.....	57
5.1	“Falamos das plantas dos ríos”	57
	PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO	60
	Plan de fomento da lectura	61
	PROGRAMACIÓN ANUAL DAS TIC	62
1	INTRODUCCIÓN	62
2	QUENES COMPOÑEN O GRUPO DAS TICS	62
3	OBXECTIVOS	63
4	NORMAS DE USO DAS AULAS DE INFORMÁTICA.	63
5	ASISTENCIA AULAS DE INFORMÁTICA.....	65

DOCUMENTO 5:

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

INDICE:

- I. INTRODUCCIÓN (lexislación e aplicación)**
- II. CADRO DE ACTIVIDADES PRIMARIA**
- III. CADRO DE ACTIVIDADES SECUNDARIA**
- IV. OBXECTIVOS E CONTIDOS NO TOCANTE Ó CALENDARIO DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS**
- V. ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA NAS CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS FIXADAS PARA O CURSO ESCOLAR**
- VI. EXCURSIÓN FINAL: 4º ESO E 6º PRIMARIA**
- VII. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E APERTURA DA BIBLIOTECA**

1 INTRODUCCIÓN (lexislación e aplicación)

O desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares fóra da localidade, organizadas polo centro, ateranse ao disposto no artigo 47 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro.

Cando excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na Programación Xeral Anual ou nas programacións, será necesaria a súa aprobación polo Equipo Directivo, tralo informe favorable, de ser o caso, do equipo destas actividades, dando conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se efectúe.

Tamén se aproba a participación do colexio en plans de mellora convocados polos Organismos Oficiais como Plan de Mellora da biblioteca Escolar, Contratos-Programa e outros similares, despois de reunido o Claustro e coa súa conformidade, dando conta ó Consello Escolar na reunión seguinte que se efectúe.

Ademáis das actividades propostas haberá que ter en conta aquelas outras que polo seu carácter temporal ou anual poidan ser de interese para o alumnado ou aquelas suxeridas polo profesorado durante o curso. Cando estas actividades impliquen modificación do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademáis, a autorización do Xefe Territorial que se deberá solicitar con quince días de antelación. rden do 3 de outubro de 2000. (DOG, 2/11/2000).

Os titores/as enviarán e recollerán os permisos dos/as pais/nais do alumnado que participe na actividade cando se realice fóra do Concello ou de horario escolar. De non ter a autorización correspondente, o/a alumno/a non poderá participar na actividade. Para participar nas actividades dentro do Concello, o titor/a legal do alumno/a deberá ter debidamente asinada a correspondente autorización facilitada no sobre de matrícula a principio de curso.

O alumnado que non participe na actividade terá que asistir ás clases e será atendido preferentemente polo resto do profesorado do curso que non participe na saída.

Coa maior antelación posible (nunca menos de 7 días) a persoa responsable da actividade comunicará á dirección e ao Coordinador das Actividades: a data definitiva, hora de saída e regreso, lista de alumnado participante e de profesorado acompañante.

En todo momento terase en conta a lexislación e o recollido no NOF do Centro referente a este apartado.

Os días: 21 de decembro festividade de Nadal e 24 de febreiro celebración do Entroido non haberá servizo de comedor escolar.

As actividades terán que cumprir o seguinte:

- Insertadas na programación.
- Aprobadas pola Dirección.
- Incluídas no Plan Xeral Anual.
- Enviadas a inspección.
- Comunicadas aos pais ou titores legais cando a saída sexa fóra do Concello de Meis.

- Autorización asinada polos pais ou titores legais en papel ou vía tokapp.
- Comunicado a inspección da saída lugar e días co número de alumnos curso e profesorado acompañante cando a saída sexa fóra do Concello de Meis.
- Un profesor ou profesora por cada 20 alumnos alumnas na ESO e 15 en EP.

Para sufragar os custos das actividades extraescolares tales coma o transporte ou billetes de entrada a museos, exposicións, etc.. o **Centro aporta unha achega de 8€** por alumno/a, que será distribuída do xeito mais equitativo posible entre as actividades previstas. Requerirase unha aportación por parte das familias para completar os custos das actividades se a subvención non acadase o importe total.

Os modelos de solicitude, axudas, e autorizacións serán segundo o anexo 1, 2 e 3.

2 CADRO DE ACTIVIDADES PRIMARIA

NOME DAS ACTIVIDADES	GRUPOS	DATA
Campionato interno a desenvolver nos recreos	Todos	Todo o curso
Obra de teatro ABANCA	1º e 2º	16/03/2017
Salón do libro en Pontevedra	1º e 2º	Marzo
Visita ao acuario do Grove	1º e 2º	3º trimestre
Visita ao río dentro do proxecto RÍOS	1º e 2º	Abril-maio
Saídas pola contorna para observar os animais e as plantas enmarcadas dentro do proxecto RÍOS	3º / 4º	1º trimestre / 2º trimestre
Petroglifos de Campolameiro	3º	2º trimestre
Visita a Santiago en tren dende Vilagarcía	4º	3º trimestre
Percorrido pola localidade visitando o monte Castrove, a ruta da pedra e da auga e outros lugares de interese enmarcadas dentro dos proxectos "Viaxando pola Historia" e "A nosa localidade"	4º	3º trimestre
Encontro con Leticia Costas e Ana Alonso	4º	2º trimestre
Campamento multiactividade no Grove de tres noites	3º, 4º e 5º	Xuño
Visita museos científicos de Santiago/A Coruña	5º, 6º	3º trimestre
Visita cultural de 5 días a Madrid	6º	3º trimestre

NOTA: En toda a Primaria queren destacar a súa intención de facer calquer actividade de carácter cultural ou pedagóxico e de interese para o alumnado, que poidese xurdir ao longo do curso na provincia de Pontevedra

3 CADRO DE ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

SPAD

CURSO	DATA	OBRADOIRO
5º EP A e B	6 marzo (martes) 9:15- 10:54	<i>TBEO e non che creo - prevención do alcohol e elaboración viñeta cómic</i>
6º EP A e B	30 novembro (xoves) 9:15-10:54	<i>E ti que opinas?</i>
1º ESO A	18 xaneiro (xoves) 10:53- 11:42	<i>Redes sociais</i>
1º ESO B	18 xaneiro (xoves) 12:07- 12:57	
1º ESO A	16 xaneiro (martes) 10:05- 10:53	<i>Prevención uso/abuso de alcohol</i>
1º ESO B	16 xaneiro (martes) 10:53- 11:42	
2º ESO A	16 Xaneiro (martes) 12.07- 12:57	<i>Habilidades sociais. Autoestima e presión de grupo</i>
2º ESO B	17 xaneiro (mércores) 10:04 - 10:53	
2º ESO C	17 xaneiro (mércores) 10:53- 11:42	
3º ESO A e B	17 xaneiro (mércores) 12:07- 13:46 (3º A)/ Francés e XH (3ºB)	<i>Educación Sexual. Prevención VIH/SIDA</i>
4º ESO	18 xaneiro (xoves) 10:04- 10:53	<i>Prevención consumo drogas</i>
3º,4º ESO	Xaneiro	<i>Explotación infantil (organiza Concello de Meis)</i>
2º e 4º ESO	Marzo e abril	<i>Visita aos IES e centros de formación profesional da contorna</i>

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Campionato interno a desenrolar nos recreos	ESO e PRIMARIA	curso
Cross escolar do Mosteiro	ESO e PRIMARIA	Maio
Carreira do Salnés	2º, 3ºESO	Maio
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Visita museos de Santiago(actividade conxunta co dep. CC.NN.)	2º ESO	2º ou 3º trimestre
Visita ao parque eólico de Sotavento en colaboración co departamento de Física e Química	3º ESO	30 outubro
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA

Visita cultural a Londres co alumnado de afondamento de inglés de 2º ESO (supeditada ao rendemento e interese do grupo)	2º ESO	3º trimestre
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Durante todo o curso realizaranse saídas co Proxecto Ríos (inspeccións de outono e primavera), saídas con diversos grupos de Primaria e Secundaria ao entorno do Rego de San Tomé.	Todo o alumnado	Todo o curso
Presentación dunha experiencia en Galiciencia-2017 (Parque Tecnolóxico de Galicia, Concello de San Cibrao das Viñas, Ourense)	4º ESO	22-23-24 novembro
Saída para o avistamento de aves no ESPAZO NATURAL UMIA-GROVE	1º ESO	2º Trimestre febreiro
Charla do científico e divulgador Luis Sampedro	4º da ESO	2º trimestre
Participación na organización da Semana do Medio Ambiente de Meis	Toda a ESO	Xuño
Saída polo concello de Meis dentro do proxecto Erasmus+ (estudo do patrimonio natural e cultural)	4º ESO	Todo o curso
Saída para a eliminación de invaloras no río santomé	3º ESO	5 xuño
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Visita a Vigo á exposición do pergamiño Vindel	3º e 4º	21 novembro
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Visita ao centro dunha persoa adicada a acción social como compromiso eclesial	ESO	Por determinar
Visita ao Mosteiro da Armenteira ou s outro semellante (Mosteiro de Carboeiro en Merza) para descubri-los xeitos de expresión da relixiosidade no románico, o sentir das ordes relixiosas no devir histórico da Igrexa e achegarse a vida dunha comunidade contemplativa (en colaboración co dpto de xeografía e historia)	1º e 2º ESO	3º trimestre
Visita a Compostela realizarase segundo a disposición da oficina de cubertas e do Museo Pedagóxico de Galicia.	3º e 4º ESO	3º trimestre
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Videoconferencia co Instituto Max Plank sobre nanotecnoloxía (conxunta co dpto de física e química)	4º ESO	Febreiro

Visita a ENCE	2º /3º ESO	2º trimestre
Ciclo de charlas e sobre cosmoxía e visita nocturna ao observatorio de Cotobade (conxunta co dpto de bioloxía e xeoloxía)	3º e 4 ESO	3º trimestre
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Videoconferencia co salvamento marítimo de Lesbos actividade enmarcada no día da PAZ. Auditorio do Concello	ESO e Primaria	Día da PAZ
"Jazz Gallaecia". Auditorio de Santiago	3º e 4º ESO	15 de febrero
"Invención" ODAIKO. Auditorio de Santiago	2º ESO	8 Marzo
Curso Obradoiro : Música electrónica con materiais cotiás. A realizar no centro.	4º da ESO	Maio-xuño
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Visita á fábrica de coca-cola e museo MACUF	3º e 4º	3º trimestre
Visita cultural a xacementos da contorna	1º e 2º	3º trimestre
Visita a Santiago (meteogalicia e catedral)	1º e 2º	3º trimestre
ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Saídas ao teatro segundo ofertas	-	-
Actividades día do libro	ESO	23 abril
ACTIVIDADES BIBLIOTECA		
ACTIVIDADE	DIRIXIDA A	DATA
Ruta de castelao en Pontevedra	Alumnado do club de lectura	2º ou 3º trimestre

Sen adscribir a ningún departamenteo didáctico está programada a visita cultural á Toscana do 6 ao 11 de abril como viaxe de estudos de 4º ESO.

NOTA: O profesorado quere destacar a súa intención de facer calquer actividade de carácter cultural ou pedagóxico e de interese para o alumnado, que poidese xurdir ao longo do curso na provincia de Pontevedra

4 OBXECTIVOS E CONTIDOS NO TOCANTE O CALENDARIO DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS

O calendario escolar de Celebracións- Conmemoracións é unha serie de datas relevantes que favorecerán, a partir dos feitos que se rememoran, a formación de

actitudes éticas, cívico-morais e sociais, así como a adquisición de actitudes e valores positivos na formación humá do alumnado.

Este proxecto pode contribuir a enriquecer e conseguir obxectivos formulados a nivel xeral no Proxecto Educativo de Centro, así como lograr unha actividade que ilusione, motive e innove onde primen de maneira significativa as actitudes e os valores positivos para acadar unha sociedade máis xusta e solidaria.

Ademáis destacar que, este proxecto, é un instrumento orientador, dado que obviamente será, en última instancia, cada profesor/a, grupo de nivel ou ciclos, e en función do contexto (centro, alumnos, entorno, recursos...) quen/es elaboren as pautas definitivas do seu propio traballo.

Por tanto é aberto e flexible, cunha ampla versatilidade que permita que os materiais e principios didácticos e psicopedagóxicos poidan ser pensados e experimentados de moi diferentes maneiras. Tamén é orientador xa que guía a reflexión e a acción docente sin que supoña, baixo ningún concepto, menoscabo da autonomía do profesorado. E ademáis é formativo xa que serve de instrumento para as tarefas na aula.

Os obxectivos máis significativos que se pretenden conseguir por medio da posta en práctica do presente proxecto son:

- Desenvolver cinco capacidades: cognitivas, afectivas, motrices, de relación interpersoal e de actuación e transformación social
- Producir e comprender mensaxes orais e escritos, como medio fundamental de diálogo
- Axudar os alumnos a ser conscentes dos seus valores e dos demais
- Axudar os alumnos a empregar tanto o pensamento racional como a súa conciencia emocional para analizar os seus sentimentos, valores e modelos de conductas persoais, ante o análise de diversos problemas e situacións sociais
- Dar a coñecer os aspectos máis relevantes e significativos de cada conmemoración-celebración
- Empreñar a conmemoración-celebración como “centro de interese” para analizar e valorar as diferentes situacións que se plantexan, facendo sempre especial referencia o noso entorno inmediato.
- Espertar e potenciar unha conciencia solidaria, preferentemente cara a infancia máis desfavorecida, e intentar compromisos de acción a favor das causas xustas
- Propiciar momentos e encontros oportunos para que os alumnos se comuniquen abertamente e sinceramente cos outros sobre as súas actitudes e valores
- Coñecer, principalmente a través dos medios de comunicación, cales son os problemas da sociedade actual, así como as situacións de inxustizas na sociedade de hoxe
- Coñecer e reflexionar sobre as causas históricas que provocaron situacións de inxustiza na actualidade e cales poderían ser as posibles solucións
- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada na diferenza de razas, sexo, clase social, creenzas e outras características individuais e sociais

- Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e das decisións persoais, evitando o consumo de substancias tóxicas e valorando os beneficios que supoñen os hábitos de exercicio físico, de higiene e de alimentación equilibrada, así como o levar unha vida sá
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rixen o funcionamento dos feitos sociais, empregar este coñecemento para comprender as sociedades contemporáneas, analizar os problemas máis acuciantes das mesmas e formarse un xuízo persoal crítico e razoado
- Identificar e analizar a diferentes niveis as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios no uso do espazo e o aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e medio ambiental das mesmas
- Apreciar os dereitos e liberdades como un logro irrenunciable da Humanidade e unha condición necesaria para a paz, denunciando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos e dos recursos económicos necesarios

No tocante os contidos referenciar, simplemente, que ós que se propoñen para o currículo oficial son flexibles e abertos para que se poidan organizar según necesidades e finalidades.

5 ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA NAS CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓN DO CURSO ESCOLAR

Dentro do calendario escolar das celebracións-conmemoracións consideráanse obrigatorias pola súa especial relevancia as que aquí se especifican (poderanse facer os cambios que se estimen oportunos na organización das actividades programadas):

SAMAÍN 30 DE OUTUBRO

- Traballo de aula.
- Exposición de cabazas
- Lectura de textos-contos de medo
- Ambientación do centro.
- Casa do terror.

MAGOSTO 10 DE NOVEMBRO.

- Traballo de aula.
- Xogos populares.
- Degustación de castañas.
- Ambientación do centro.

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: 25 DE NOVEMBRO

- Traballo na aula
- Ambientación do centro

CONMEMORACIÓN DO 1 AO 11 DE DECEMBRO DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALIZA.

- Traballo de aula.
- Ambientación do centro.

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (10 DE DECEMBRO), REALIZARASE CONXUNTAMENTE CO DÍA DA PAZ O 30 DE XANEIRO

- Traballo de aula.
- Acto conxunto, de toda a comunidade educativa.
- Ambientación do centro.
- Traballo audiovisual e mensaxes de apoio á zonas en conflito bélico.

NADAL: 21 DE DECEMBRO.

Beléns feitos polos propios nenos con materiais diversos como papel, cortiza, plastilina, materiais reciclables...Postais do Nadal e panxoliñas.

- Traballo de aula.
- Visita dos Reis Magos.
- Concurso de Postais de Nadal.
- Ambientación do centro.

ENTROIDO: 9 DE FEBREIRO

As semanas previas ao Entroido, confeccionarase o aparello os disfraces para o facer o desfile que terá lugar no patio do colexio.

- Traballo de aula.
- Desfile de disfraces
- Degustación de postres típicos
- Ambientación do centro.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA: 8 DE MARZO.

Homenaxe ás mulleres máis relevantes para que o alumnado coñezan o labor que desenvolven nos distintos campos como política, deporte, literatura, cultura...

- Traballo de aula.
- Talleres.

- Ambientación do centro.

DÍA MUNDIAL DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR: 15 DE MARZO

- Traballo de aula.

SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA (DO 10 Ó 14 DE MARZO), CELEBRARASE CONXUNTAMENTE NA SEMANA DO DÍA DO LIBRO: 11 AO 30 DE ABRIL

Elaborar e traballar co xornal na aula, unidade didáctica “Os medios de comunicación”.

- Traballo de aula.(elaborar e traballar co xornal na aula, unidade didáctica “Os Medios de Comunicación”)
- Traballo de Biblioteca
- Xogo Amigo Invisible (agasallo de libro e flor)
- Ambientación do centro

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE: 7 DE ABRIL

- ⇒ Traballo de aula.

DÍA DE EUROPA: 9 DE MAIO

- ⇒ Traballo de aula.
- ⇒ Ambientación do centro.

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS: DO 8 AO 17 DE MAIO.

Actividades especificadas no Plan de Fomento do uso da Lingua Galega (anexo)

O Departamento de Normalización Lingüística fará as bases para participar no III Certame de Contos e Narración Curta.

- Traballo de aula.
- Concurso de contos
- Actuación do alumnado
- Ambientación do centro.
- Charla co escritor Santiago Lapo.

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE: 5 DE XUÑO

- Traballo de aula.
- Coidado do contorno.
- Organización da semana do medio ambiente en colaboración co concello.

DERRADEIRAS CONSIDERACIÓNS

Preténdese que o presente proxecto poida integrarse sen moita dificultade nas actividades escolares ordinarias xa que persigue un enfoque constructivo no sentido de que se debe partir de ideas e diálogo cos escolares e fomentar unha preocupación polas problemáticas do mundo actual en xeral e a realidade circundante así como o compromiso solidario co noso entorno.

Para todo esto se suxire un esquema básico de traballo na aula, totalmente modelable polos profesores:

PENSAR-DIALOGAR- FACER-ACTITUDE E COMPROMISO PERSOAL

- **PENSAR:** O pensamento e a facultade que permite distinguir, comparar, analizar e contrastar
 - Rotular no encerado unha frase alusiva ao tema ou celebración
 - Lectura individual e en voz alta dun texto referido á celebración-conmemoración
 - Reflexión persoal
- **DIALOGAR:** Os valores evolucionan a través dun proceso contínuo de interacción social, de comunicación mutua
 - Expresar en voz alta a reflexión persoal (diálogo/debate)
 - Escoller as explicacións máis acertadas
- **FACER:** Proporcionar experiencias que reforzan o pensamento, a vontade e o compromiso persoal.
 - Rotular nun caderno persoal ou sitio adecuado, a frase-pensamento e a súa explicación
 - Lectura, artigo ou poema alusivo
 - Debuxo e ilustración sobre a conmemoración
 - Música: canción alusiva
- **ACTITUDE E COMPROMISO PERSOAL:** A elección e un proceso que impulsa a actuar nun determinado momento, dacordo con circunstancias tanto obxectivas como subxectivas. Inclúe elementos cognitivos e afectivos.

Unha vez programados os obxectivos, o que realmente importa é conseguir que as actitudes e hábitos dos alumnos sean coherentes cos valores universalmente recoñecidos (Paz, Xustiza, Solidaridade, Tolerancia...), por medio de accións ou compromisos individuais e/o en grupo (fomentar destrezas adecuadas para a organización de grupos e relacións persoais)

- ¿Qué harías para conseguir o que propuxemos?
- Accións concretas a realizar durante a semana
- Avaliación- Seguimento

6 EXCURSIÓN FIN DE CURSO: 4º ESO E 6º PRIMARIA.

Reseñamos unha serie de puntos sobre a organización, planificación e realización da excursión de fin de etapa na ESO:

- A elección da viaxe será a ITALIA (Florenxia, Pisa, Luca etc), aínda que o alumnado non recibe formación en italiano, terá que utilizar a lingua inglesa para expresarse. Esta excursión terá un obxectivo pedagóxico de ocio dirixido, ou enfocado, a coñecer unha grande cidade cunha enorme oferta e diversidade cultural (organización de visitas guiadas)
- As datas previstas para realizar a viaxe veñen determinadas por cuestións pedagóxicas e de precio. Coincidendo coa celebración do Entroido, de modo que perden o menor días con actividades lectivas posibles.
- Finalmente deixar claro que esta excursión levaríase a cabo sempre e cando o presuposto o permita e o profesorado necesario para realizala esté disponible.

O alumnado de 6º de primaria tamén ten prevista a organización dunha excursión final de ciclo a Madrid, sempre en base a criterios pedagóxicos e de ocio dirixido a coñecer unha cidade e entorno cultural e social diferente.

7 ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E APERTURA DA BIBLIOTECA

A **biblioteca** grazas o esforzo do profesorado implicado e aos proxectos emprendidos coma o PLAMBE é un espazo agradable moi utilizado como recurso e complemento das clases tanto en primaria coma en secundaria. Ademais garantimos a súa apertura polas tardes coas quendas do profesorado.

No presente curso, por iniciativa do equipo de biblioteca, temos organizado un **club de lectura**, con financiamento a cargo da Consellería, e como complemento a o plan de dinamización dos recreos.

A biblioteca permanece aberta durante o periodo do comedor de mércores a venres, para que o alumnado que así queira poda usala para lecer ou adiantar as tarefas académicas.

Establécense quendas de asistencia do profesorado para os mércores, xoves e venres, con cargo ao horario de permanencia no Centro de cómputo mensual, dacordo ás seguintes directrices:

- O profesorado poderá intercambiar as quendas previo acordo.
- O profesor ou profesora de garda permanecerá no Centro de 14:35h a 16:00h e manterá a Biblioteca aberta para atender ao alumnado que asista.
- O profesorado de garda anotará as incidencias, se as houberse, no libro de gardas da tarde e comunicarallas ao Equipo Directivo.

No Plan Anual da presente PXA, na súa páxina 31 pódese consultar as quendas para a apertura da biblioteca.

O equipo de biblioteca conta cos seguintes recursos humanos:

- Adolfo Morgade Pichel (coordinador)
 - Pilar Martínez
 - Pilar González Mato
 - M^a Jesús Valiño González
 - José Pascual Vidal Tobío
 - Natalia Casalderrey Fraga
 - Julio Tato Gulías
 - M^a Luz Heras
 - María Dorado
 - Mar Rey
 - Luisa Sierra
 - Javier Prado

Durante os tramos lectivos o equipo da biblioteca organiza o horario de reservas para a súa utilización en actividades docentes e para o seu uso libre.

8 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

Previa petición e autorización por parte do Consello Escolar, cederanse as instalacións do Centro para a realización de actividades extraescolares, sempre e cando se respecte a normativa de utilización das instalacións e se asuman as responsabilidades derivadas das actividades que se realicen. No seguinte cadro enuméranse as actividades solicitadas ata o de agora.

Actividades da ANPA, Concello de Meis e Asociacións de Meis

ENTIDADE	ACTIVIDADE	DATA DE SOLICITUDE	LUGAR DE REALIZACIÓN	DÍA	HORARIO
ANPA	Baile moderno	Outubro 2017	Ximnasio	Martes	16:00 a 17:00 h
ANPA	Pintura	Outubro 2017	Casa conserxe	Mércores	16:00 a 17:30 h
ANPA	Robótica	Outubro 2017	Aula informática	Xoves	16:00 a 17:00 h
ANPA	Fotografía dixital	Outubro 2017	Aula informática	Venres	17:00 a 18:30 h

ANPA	Ximnasia rítmica	Outubro 2017	Ximnasio	Venres	18:30 a 20:30 h
Concello	Zumba	Setembro 2017	Ximnasio	Luns e venres	21:30 a 22:30h

***E aquelas actividades que solicite o Concello ao longo do curso escolar e sexan aprobadas polo Consello Escolar**

9 ANEXO 1: MODELO DE AUTORIZACIÓN

A autorización tamén pode ser xestionada a partir da plataforma online Tokapp



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"Creando oportunidades para todos"



CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 986 712057 - Fax: 986 712452. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

AUTORIZACIÓN

D/Dña.:

con DNI: como pai/nai/titor(a) legal, autorizo ao meu fillo/a do curso/grupo a participar na seguinte actividade

Nome da actividade:			
Data de realización		Custo da actividade	
Saída dende		Hora de saída	
Lugar de chegada		Hora de prevista de chegada	

Teléfono(s) de contacto

Indique enfermidades, alerxias, medicación ou calquera achega importante

Sinatura:

En, a de de 201_

Asinado:

11 ANEXO 3: MODELO DE SOLICITUDE DE ACTIVIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"



CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf.: 986 712057 - Fax: 986 712452. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

INFORMACIÓN E CONTROL DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADE		
Denominación:		
Grupos participantes:		Nº de alumn@s:
Docente responsable:		
Docentes acompañantes		
Data/s de realización:		
Hora de saída:		Hora de regreso:
Custo da actividade:	Achega do centro:	Achega por alumn@
(Entregar os cartos recollidos á responsable do DACE)		
Lugar(es) onde se desenvolve a actividade: <small>(Se é no auditorio do Concello facer a reserva coa suficiente antelación)</small>		
Precísanse axudas de custo e locomoción do profesorado: <small>(No caso de indicar "SI" cubrir a folia correspondente)</small>		SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

ORGANIZACIÓN		<small>(Indicar SI ou NON)</small>
Incluída na PXA		
Están os pais/nais informados (e entregadas as autorizacións se é o caso)		
Informouse ao encargado do servizo de comedor (coas listaxes dos participantes)		
Informouse aos profesores do grupo		
Recursos materiais	Autobús da Empresa: _____ Nº de autobuses: _____ (Indicar nome da Empresa de Transporte)	

Entregado ao coordinador/a do D.A.C.E.	Sinatura:	Sinatura:
Data: _____	O responsable da actividade	Asinado: Mar Rey Pérez

A dirección do Centro autoriza SI
a realización da actividade na data prevista NON

12 ANEXO 4: MODELO DE SOLICITUDE AXUDAS DE MANUTENCIÓN



CENTRO PÚBLICO INTEGRADO MOSTEIRO-MEIS. 36637 O Mosteiro-Meis (Pontevedra)
Telf: 986 712057 - Fax: 986 712452. e-mail: cpi.mosteiro.meis@edu.xunta.es

SOLICITUDE AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN

Axudas reguladas pola resolución de 29 de decembro de 2005 e polo Real Decreto 462/2002 para fóra do territorio nacional

DATOS DA SOLICITUDE					
Actividade realizada pola que solicita a axuda:					
Nome e apelidos:					
DNI:				Gastos de locomoción:	km × 0,19 €/km = €
Dietsas no territorio nacional			Dietsas fóra do territorio nacional (consultar RD462/2002)		
Nº días de manutención		× 34,40 €/día =	Nº días manutención		× =
Nº días de ½ manutención		× 17,20 €/día =	Nº días ½ manutención		× =
Lugar e data:	En Mosteiro, de de 201 <input type="checkbox"/>				Sinatura do solicitante

RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE		
Don Luis Camilo Fernández Álvarez, como director do CPI Mosteiro-Meis concede as dietas solicitadas		
Lugar e data:	En Mosteiro, de de 201 <input type="checkbox"/>	Sinatura
		Asdo: Luis Camilo Fdez.

XUSTIFICANTE DE COBRO DE AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN		
Nome e apelidos:		
Recibe a cantidade de	euros en concepto de dietas de manutención e desprazamento	
Forma de pagamento	Data: de de 201 <input type="checkbox"/>	Sinatura
Cheque <input type="checkbox"/>		
Transferencia <input type="checkbox"/>		
Metálico <input type="checkbox"/>		
		Asdo.:

DOCUMENTO 6:

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA

1 OBXECTIVOS

- Combater os prexuízos lingüísticos mediante a sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.
- Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e lograr avances naqueles individuos instalados no castelán, ben de forma bilingüe maioritaria ou monolingüe.
- Dar a coñecer a lexislación sobre o idioma e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e a identificación do idioma coa modernidade.
- Fomentar o mantemento e reforzo da cadea de transmisión idiomática das xeracións máis vellas ás máis novas.
- Fomentar o uso do idioma galego como lingua habitual na que se desenvolvan todas as actividades do Centro, tanto as académicas como as demais derivadas do contexto educativo (Relacións internas, externas, etc.).
- Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
- Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, e crear conciencia de que o uso do seu idioma é un dereito amparado pola lei e non unha graza.
- Mellorar as destrezas lingüísticas, nomeadamente as activas, de toda a comunidade educativa para que isto repercuta na calidade e cantidade do uso do idioma galego.
- Promover a implicación do alumnado nas actividades do ENDL para que se convertan en protagonistas do feito lingüístico, adquiran responsabilidades e se convertan en axentes normalizadores.
- Promover relacións coas sociedades, colectivos e administracións do contorno escolar que teñan incidencia na comunidade educativa.
- Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e vangardistas e aos usos lúdicos do idioma.

- Promover actuacións que favorezan o compromiso do alumnado, o profesorado e o persoal non administrativo co ENDL.

2 ACTUACIÓNS

O equipo de ENDL deseñou para o curso 2014-2015 unha serie de medidas orientadas a levar a cabo en toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente), por unha banda, e a contorna do noso centro, por outra. Neste caso preténdese buscar a colaboración con outros axentes locais comprometidos con actividades semellantes, para dar así continuidade ás xa realizadas en cursos anteriores.

Por outro lado propóñense unha serie de medidas destinadas a sensibilizar de xeito xeral a toda a sociedade sobre a importancia da conservación e recuperación do uso social do galego, neutralizando e combatendo todos aqueles prexuízos ou actitudes hostís cara ao idioma.

No que respecta ás actuacións propostas, hai que distinguir entre as de continuación de medidas xa ensaiadas e que interesa o seu mantemento, aquelas outras que foron propostas en anos anteriores, pero que por diferentes motivos non foron realizadas ou simplemente foron comezadas, e por último, aquelas que se propoñen por primeira vez, algunhas delas relacionadas con actividades xa realizadas, mentres que outras son totalmente novas.

As diferentes actividades van propostas para grupos determinados, pero poden sufrir variacións, condicionadas polas necesidades do Centro e por necesidade de axustes no proceso educativo. Igualmente ás colaboracións pode sumarse calquera departamento, ou persoa a título individual que o desexe.

3 RELACIÓN DE ACTIVIDADES:

1. CONTINUAR CO “PANEL DA LINGUA”

Descrición

Preténdese que o profesorado, principalmente, siga achegando aquelas noticias relacionadas coa lingua e a realidade lingüística. O alumnado que o desexe achegará periodicamente noticias ou acontecementos relacionados co idioma. Para fomentar que o alumnado lea as diferentes noticias, propóranse exercicios de redacción ou debates na aula. Colocaremos así mesmo e semanalmente a definición enganosa da semana.

Obxectivos

- Concienciar o alumnado sobre a realidade lingüística galega.
- Fomentar o debate sobre a situación do idioma galego.
- Favorecer a consulta dos medios de comunicación por parte do alumnado.
- Lograr que o alumnado sexa autónomo na busca de información.
- Fomentar a análise e valoración crítica por parte do alumnado.

Destinatarios

Todos os alumnos de Secundaria, con posibilidade de abril ao 3ª ciclo de Primaria.

Temporalización

Todo o curso.

Colaboracións

- Todos os departamentos de lingua.
- ENDL
- Dpto. de Ciencias Sociais.
- Dpto.de Bioloxía.

Orzamento

Impresión noticias de prensa: 60€

2. POSTA EN MARCHA DO PROXECTO "COÑECENDO GALICIA"

Descrición

Como continuidade ás actividades levadas a cabo nos cursos pasados da palabra, o xeroglífico, a adiviña, o refrán e expresións, así como o encrucillado e o barullo de letras da semana con bos resultados e acollida tanto por parte do alumnado como do profesorado, este ano desenvolveremos o concurso COÑECENDO GALICIA.

Os luns pola mañá, repartiremos entre os titores de Primaria e os profesores de galego de Secundaria unha foto dun lugar galego. Terán que descubrir entre 3 posibilidades o concello onde se atopa dito lugar. Farémolos tamén visibles para toda a comunidade educativa en sitios significativos do Centro: na sala de profesores, no panel da lingua etc.

Ao profesorado entregáraselle unha ficha didáctica para abordar na súa aula.

Tamén dispórase dun mapa para ir engadindo todas as lugares traballados.

Obxectivos

- Favorecer o proceso de formación de conceptos en galego do alumnado.
- Ampliar o coñecemento da nosa terra.
- Desenvolver a curiosidade por Galicia.

Destinatarios

Toda a comunidade educativa.

Temporalización

Todo o curso.

Colaboracións

Todos os departamento de linguas

EDNL

Orzamento

Impresión e plastificación de palabras: 100€.

3. CONVOCAR O ALUMNADO PARA CONSTITUÍR O EDNL

Descrición

O EDNL non pode existir alleo ao alumnado. Non ten sentido promover actividades dende o profesorado para o alumnado porque, o máis seguro, é que non cheguen a producir os efectos desexados. É fundamental, xa que logo, contar coa implicación de parte do universo ao que se dirixen principalmente as actividades do Equipo: os alumnos e as alumnas.

Algunhas das súas funcións principais poderán ser: manter o “Panel da Lingua”, convocar o concurso de *Twitter*, *Facebook* ou *Tuenti*, etc.

Obxectivos

- Implicar o alumnado no traballo do EDNL
- Fomentar o traballo en equipo
- Promover unha normalización lingüística dende a cerna do alumnado

Destinatarios

Alumnado da ESO, aberto ao do terceiro ciclo de Primaria.

Temporalización

Todo o curso.

Colaboracións

Todo o alumnado do centro.

Orzamento

0€

4. REPARTO DOS AUTOCOLANTES DA COORDINADORA A PARTICIPACIÓN NA NOVA EDICIÓN 2017-2018

Descrición

O EDNL do CPI do Mosteiro ten como base principal para o seu traballo a interacción e o intercambio con outros Equipos de normalización co fin de minimizar esforzos e maximizar resultados. Para isto, está entrando de pleno nas actividades conxuntas que propón a Coordinadora de Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística da comarca do Salnés.

Unha das actividades que promove a Coordinadora e na que este ano seguiremos participando é a elaboración de autocolantes por parte do alumnado con lemas en pro do galego na presente convocatoria do curso 2017-2018.

Repartiremos entre alumnado da ESO as do ano pasado para estimulalos a participar na presente edición.

Obxectivos

- Visibilizar a lingua
- Fornecer un medio para incorporar a lingua aos elementos simbólicos do alumnado
- Desenvolver a creatividade do alumnado
- Estimular o coñecemento de alumnado doutros centros de ensino

Destinatarios

Todo o alumnado do Centro

Temporalización

Primeiro trimestre (reparto de autocolantes e nova convocatoria)

Colaboracións

Departamento de Plástica

Orzamento

Impresión de autocolantes en cor: 50€.

5. REPARTO DA REVISTA *ENORMIC BANDA* E PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA ESTE CURSO

Descrición

Seguindo a filosofía da actividade anterior, esta actividade promove o intercambio de experiencias e actividades dentro das propostas que emanan da Coordinadora comarcal.

Neste caso trátase dunha actividade que se leva realizando varios anos con notable éxito: a revista *Enormic Banda*. Está totalmente elaborada polo alumnado e, como o propio nome indica, está integramente dedicada ao cómic.

Obxectivos

- Visibilizar a lingua
- Fornecer un medio para incorporar a lingua aos elementos simbólicos do alumnado
- Desenvolver a creatividade do alumnado
- Estimular o coñecemento de alumnado doutros centros de ensino
- Reforzar a autoestima do alumnado

Destinatarios

Todo o alumnado do Centro

Temporalización

Primeiro trimestre (reparto de REVISTAS)

Segundo e terceiro (nova convocatoria)

Colaboracións

Departamento de Plástica

Orzamento

Impresión de revista en cor: 100€.

6. COLABORACIÓN NAS ACTIVIDADES QUE PROPOÑA ULTERIORMENTE A COORDINADORA DE EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO SALNÉS.

Descrición

A predisposición a colaborar nas actividades que propón a coordinadora vén dada polo interesante que nos pareceron as actividades que se organizaron no pasado: Correlingua, Día da Ciencia en Galego, etc.

Obxectivos

- Fomentar a colaboración no traballo dinamizador da lingua.

Destinatarios

Todo a comunidade educativa

Temporalización

Todo o curso

Colaboracións

As necesarias puntualmente

Orzamento

Por determinar

7. FOTOCOOL DA LINGUA E DA LITERATURA

Descrición

Na liña de innovación que pretende seguir o EDNL, esta iniciativa pretende visibilizar a lingua e todo o que ten que ver con ela a través dunha plataforma moi actual vinculada a medios diferentes dos académicos e lingüísticos: o fotocool.

As fotos que se tiren deberán poñer en valor algo: unha actitude lingüística, un libro, unha palabra, unha conmemoración, un literato, etc. A continuación poderán subirse ao blogue e comentalas.

Obxectivos

- Visibilizar dun xeito divertido, actual e despexuizado a lingua galega.
- Fomentar a lectura de literatura en galego e connotala de xeito positivo ao implicar a toda a comunidade.
- Dotar de contidos visuais e multimedia o blogue do ENL.
- A idea e infraestrutura pódese aproveitar para outros obxectivos diferentes dos que poida perseguir un ENL.

Destinatarios

Toda a comunidade educativa.

Calquera persoa do concello interesada.

Temporalización

De carácter anual ou puntual por eventos e/ou celebracións concretas (Semana das Letras, Día do Lectura, etc.)

Colaboracións

Concello de Meis

Sectores profesionais do Concello de Meis

Departamento de Lingua Galega
Departamento de Plástica

Orzamento

Elaboración do espazo para o fotocool con materiais reciclados: 50€.

8. O SAMAÍN. CABAZAS

Descrición

O xa tradicional costume de deseñar caras en calacús está perfectamente integrado entre o alumnado de Meis, sobre todo nos cursos de Primaria aínda que está aberto a todo o alumnado incluíndo o da ESO.

Despois dunha semana de exposición nun espazo común do Centro, escolleranse as mellores figuras por curso, cuxos autores recibirán un premio. Valorarase a orixinalidade, a simpatía e o uso de diferentes materiais.

Obxectivos

- Recuperar a tradición das cabazas como propia da tradición galega.
- Descubrir a faceta máis creativa do alumnado.

Destinatarios

Todo o alumnado do CPI do Mosteiro.

Temporalización

Primeiro trimestre.

Colaboracións

- ENDL
- Seminarios de Primaria
- Departamento de Plástica

Orzamento

Premios: 80 €

9. O SAMAÍN: CASA DO TERROR

Descrición

Obxectivos

Destinatarios

Todo o alumnado do CPI do Mosteiro.

Temporalización

Primeiro trimestre.

Colaboracións

- ENDL
- Seminarios de Primaria

Orzamento

Premios: 50 €

10. CONTINUAR CO BLOG DO EDNL

Seguir colgando novas e acontecementos arredor da nosa lingua e de actividades desenvolvidas e propostas polo equipo.

Obxectivos

- Concienciar o alumnado de que o idioma galego ten validez para calquera actividade diaria
- Fomentar que o alumnado use o idioma asociado ás novas tecnoloxías
- Converter o alumnado en axente normalizador
- Favorecer a preocupación pola corrección lingüística

Destinatarios

- Alumnado de Primaria e Secundaria.
- Demais membros da comunidade educativa (como perceptores)

Temporalización

Todo o curso

Colaboracións

Todos os departamentos.

Orzamento

0€

11. MAGOSTO

Descrición

A mediados e novembro levaremos a cabo a festa do magosto.

Faremos o tradicional asado de castañas, colocando cinco asadoiros, tres para primaria e dous para secundaria, e despois os xogos populares.

Despois disto virá a degustación das castañas para toda a comunidade educativa.

Obxectivos

- Identificar o magosto como unha festa tradicional galega.
- Recoñecer o vocabulario básico relacionado con esta festa.
- Situar cronoloxicamente a festa do magosto na época do ano correspondente.
- Coñecer e practicar diferentes xogos populares.

Destinatarios

Todo o alumnado do CPI do Mosteiro.

Temporalización

Primeiro trimestre.

Colaboracións

- ENDL
- Departamento de Educación Física.
- Seminarios de Primaria

Orzamento

50€

12. NADAL: CONCURSO POSTAIS.

Descrición

O Nadal é un momento propicio para desenvolver actividades de creación debido ao fondo calado que ten esta tradición na cultura do país.

As postais expoñeranse nun espazo común do Centro e as gañadoras de Primaria e Secundaria, ademais de colgarse na páxina web do centro, tamén servirán para felicitarlles as festas ás familias do alumnado.

Esta actividade tamén se porá en común coa Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística polo que terá plasmación a nivel galego.

Aparte das postais, pediremos ao alumnado que fagan unha bola de Nadal con unha palabra ou frase en galego relacionada co Nadal. Cun fío pendurarémolas do teito do espazo común de Cabeza de Boi.

Obxectivos

- Contribuír a vivir a experiencia do Nadal en galego.
- Fomentar o aspecto lúdico da creación artística.
- Descubrir as faceta máis creativa do alumnado.

Destinatarios

Todo o alumnado do CPI do Mosteiro.

Temporalización

Primeiro trimestre.

Colaboracións

- ENDL
- Departamento de Relixión
- Departamento de Informática
- Seminarios de Primaria
- Departamento de Plástica

Orzamento

Edición e impresión de postais: 160€

13. SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Descrición

Na semana do 11 ao 15 de maio levaremos a cabo diferentes actividades relacionadas cos Letras Galegas e coa figura de Carlos Casares. Ademais de repartir as unidades didácticas e de colocar a exposición que envía Xunta, desenvolveremos diversas actividades que no seu momento se programarán.

Obxectivos

- Reflexionar sobre o significado da celebración do Día das Letras Galegas.
- Estudar a figura de Carlos Casares dende as súas obras.
- Fomentar a creatividade en galego

Destinatarios

A actividade está dirixida a todo o alumnado, tanto de Primaria como de Secundaria.

Temporalización

Primeiro e segundo trimestre (ata o 17 de maio).

Colaboracións

- ENDL
- Departamento de Lingua Galega

Orzamento

Impresión e plastificación das láminas: 50€

Premios concurso literario das Letras Galegas: 100€

14. O FITOFALADOIRO

En colaboración co Departamento de Ciencias Naturais seguiremos co proxecto iniciado o curso pasado do Fitofaladoiro no que se estudarán diferentes plantas e arbustos da nosa contorna, diferentes nome, características, usos que se lles dá (medicinais, aromáticas, alimentario...)

Obxectivos

- Recoñecer diferentes plantas da comarca.
- Saber cales son os seus usos do pasado e do presente.
- Facer unha exposición das mesmas.

Destinatarios

Todo o alumnado do centro.

Temporalización

Segundo e terceiro trimestre.

Colaboracións

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Orzamento

0€

15. RADIO ESCOLAR

Descrición

Realización de programas de radio.

Obxectivos

- Potenciar o uso do galego nos medios de comunicación.
- Desenvolver a creatividade do alumnado.
- Reforzar a autoestima do alumnado.
- Fomentar o traballo en equipo.

Destinatarios

Todo o alumnado do centro.

Temporalización

Todo o curso.

Colaboracións

Todos os departamentos.

Orzamento

0€

16. CURTAMETRAXES, VÍDEOS

Descrición

Elaboración de curtametraxes e/ou vídeos sobre temas de interese para o noso alumnado (violencia de xénero, Día da paz, Letras Galegas...).

Obxectivos

- Potenciar o uso do galego en audiovisuais.
- Desenvolver a creatividade do alumnado.
- Reforzar a autoestima do alumnado.
- Fomentar o traballo en equipo.

Destinatarios

Todo o alumnado do centro.

Temporalización

Todo o curso.

Colaboracións

Todos os departamentos.

Orzamento

0€

17. RELACIÓN CON OUTROS CENTROS

Descrición

Intercambios de representacións teatrais con centros da contorna.

Obxectivos

- Fomentar a asistencia a representacións teatrais.
- Mellorar a coordinación e establecemento de relacións cos centros da contorna.

Destinatarios

Todo o alumnado de Primaria e ESO.

Temporalización

3º trimestre.

Colaboracións

Cra de Meis, Ceip Armenteira.

Orzamento

0 €

18. ENCONTROS CON ESCRITORES E ESCRITORAS

Descrición

Ao longo do curso trataremos de traer a algún escritor, coincidindo con algunhas das obras de lectura obrigatoria en Lingua Galega. Os que están apalabrados ata este mometo son:

- Santiago Lopo
- Marcos Calveiro

Obxectivos

- Potenciar a lectura de obras en lingua galega.
- Coñecer autores que escriben en Lingua Galega.

Destinatarios

Todo o alumnado.

Temporalización

2º e 3º trimestre.

Colaboracións

Departamento de Lingua Galega.

Biblioteca

Orzamento

Por determinar

19. OUTRAS ACTIVIDADES

Participaremos en tódalas actividades que a o longo do curso se presenten e consideremos de interese para o noso labor de potenciación e dinamización da nosa lingua:

- Charlas
- Cine
- Teatro
- Etc.

3.1 CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

Actividade	Destinatarios	Tempora lización	Colaboracións	Orzamento
CONTINUAR CO "PANEL DA LINGUA"	Todos os alumnos de Secundaria, con posibilidade de abrilo ao 3ª ciclo de Primaria.	Todo o curso.	Todos os departamentos de lingua Dpto. de Ciencias Sociais. Dpto. de Bioloxía	Impresión noticias de prensa: 60€ Impresión en cor "palabra enganosa": 30€
POSTA EN MARCHA DO PROXECTO "COÑECENDO GALICIA"	Toda a comunidade educativa	Todo o curso.	Departamento de Lingua Galega	Impresión e plastificación de definicións: 100€ Premios para os gañadores: 100€
CONVOCAR O ALUMNADO PARA CONSTITUÍR O EDNL	Alumnado da ESO, aberto ao do terceiro ciclo de Primaria	Todo o curso.	Todo o alumnado do centro	0€
REPARTO DOS AUTOCOLANTES	Alumnado de Secundaria	Primeiro trimestre	Departamento de Plástica	Impresión de autocolantes en

DA COORDINADORA A PARTICIPACIÓN NA NOVA EDICIÓN 2016-2017		(nova convocatoria) Terceiro trimestre (reparto de autocollantes)		cor: 50€
REPARTO DA REVISTA ENORMIC BANDA E PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA ESTE CURSO	Alumnado de Secundaria	Segundo e terceiro (nova convocatoria) Terceiro trimestre (reparto de revistas)	Departamento de Plástica	Impresión de revistas: 100€
COLABORACIÓN NAS ACTIVIDADES QUE PROPOÑA ULTERIORMENTE A COORDINADORA DE EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO SALNÉS	Toda a comunidade educativa	Todo o curso	As necesarias puntualmente	Por determinar
FOTOCOOL DA LINGUA E DA LITERATURA	Toda a comunidade educativa Calquera persoa do concello interesada	De carácter anual ou puntual por eventos e/ou celebracións concretas (Semana das Letras, Día do Lectura, etc.)	Concello de Meis Sector profesional do Concello de Meis Departamento de Lingua Galega Departamento de Plástica	Elaboración do espazo para o fotocool con materiais reciclados: 50€
PROMOCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS EN GALEGO, NOMEADAMENTE: TWITTER, FACEBOOK, TUENTI	Alumnos de Secundaria e 3º Ciclo de Primaria	Todo o curso, ata o mes de xuño, en que se coñecerá	Dpto. de Informática Dpto. de Lingua Galega Grupo de dinamización das TIC	Premio para o alumno gañador: 50€

		o gañador		
CONTINUAR CO BLOG DO EDNL	Toda a comunidade educativa	Todo o curso	Todos os departamentos	0€
SAMAÍN: CABAZAS	Todo o alumnado do CPI do Mosteiro	Primeiro trimestre	Seminarios de Primaria Departamento de Plástica	Premios: 0€
SAMAÍN: CASA DO TERROR	Todo o alumnado do CPI do Mosteiro	Primeiro trimestre	Seminarios de Primaria Departamento de Lingua Galega Biblioteca	Material túnel: 50€
MAGOSTO	Todo o alumnado do CPI do Mosteiro	Primeiro trimestre	Seminarios de Primaria Departamento de Educación Física	Castañas: 50€
CONCURSO POSTAIS NADAL	Todo o alumnado do CPI do Mosteiro	Primeiro trimestre	Dpto. de Relixión Dpto. de Informática Seminarios de Primaria Dpto. de Plástica Dpto. de Lingua Galega	Edición e impresión de postais: 150€
SEMANA DAS LETRAS GALEGAS	A actividade está dirixida a todo o alumnado, tanto de Primaria como de Secundaria	2º e 3º trimestre, centrand o os actos na semana do 15 ao 19 de maio	Departamento de Lingua Galega	Carteis e material funxible: 50€ Premios concurso literario: 100€
O FITOFALADOIRO	Todo o alumnado do centro	Segundo e terceiro trimestre	Departamento de CC NN	0€
RADIO ESCOLAR	Todo o alumnado do centro	Todo o curso	Todos os departamentos	0€
ELABORACIÓN DE CURTAMETRAXES, VÍDEOS...	Todo o alumnado do centro	Todo o curso	Todos os departamentos	Por determinar
ENCUNTROS CON ESCRITORES	Todo o alumnado	Segundo e terceiro trimestre	Departamento de Lingua Galega Biblioteca	Por determinar
OUTRAS ACTIVIDADES	Todo o alumnado do centro	Todo o curso	Por determinar.	Por determinar
Total orzamento				1110€

DOCUMENTO 7: PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Rematado o plan bianual de formación do profesorado dos cursos precedentes, decidimos continuar, iniciando outro plan novo que afonde no traballo do programa anterior, e inicie unhas novas liñas: *escola inclusiva e atención á diversidade* e outra de *convivencia escolar, centros saudables e relación coas familias*.

O plan de formación permanente do profesorado consistirá e seminarios e docencias e desenvolverase en dous cursos.

1 Plan de Formación Permanente do Profesorado

LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS:

Liña I: escola inclusiva e atención á diversidade.

- Enriquecemento curricular:
 - Modelo SEM.
 - Métodos abertos de cálculo matemático.

Liña II: convivencia escolar, centros saudables e relación coas familias.

- Estratexias para a mellora da convivencia no centro: A mediación

OBXECTIVOS XERAIS

- *Contribuír á mellora da calidade educativa e á innovación metodolóxica.*
- *Desenvolver estratexias metodolóxicas para potenciar o desenvolvemento das competencias clave.*
- *Crear hábitos de formación para dar resposta ás áreas de mellora do centro educativo.*

1.1 ITINERARIO: ***ESCOLA INCLUSIVA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE***

OBXECTIVOS

- *Coñecer e experimentar novas estratexias metodolóxicas no equipo docente*
- *Deseñar propostas didácticas integradas e centradas no desenvolvemento de competencias chave, poñelas en práctica e reflexionar sobre o seu valor.*
- *Desenvolver técnicas de traballo en equipo, compartir experiencias e reflexións.*
- *Aprender técnicas de cohesión de grupo.*
- *Mellorar a atención á diversidade no noso centro.*

1.2 ITINERARIO: ***CONVIVENCIA ESCOLAR, CENTROS SAUDABLES E RELACIÓN COAS FAMILIAS***

OBXECTIVOS

- *Mellorar as relacións interpersoais no centro.*
- *Dotar ao alumnado de estratexias para a resolución pacífica de conflitos (alumnado*

- mediador).
- Favorecer a prevención de conflitos.

ACTIVIDADES: MODALIDADES, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

Curso 2017-18

CRONOGRAMA DE DOCENCIAS.

PFPP CPI Mosteiro-Meis

Membros do equipo de formación:

Coordinador do itinerario 1: Manuel Muñoz Hermida

Coordinadora do itinerario 2: Paula Trillo Fontán

Membro do equipo de formación: Luis Camilo Fernández Álvarez (Director)

Asesor/a de formación: Natividad

**Experimentamos o método: outros algoritmos para as operacións matemáticas –OAOA-.
(Primeira sesión)**

Docencia con Julio Ferro. Mércores 8/Nov

Iniciación ao Modelo SEM

Docencia con Carmen Pomar XOVES 23/Nov

**Experimentamos o método: outros algoritmos para as operacións matemáticas –OAOA-.
(Segunda sesión)**

Docencia con Julio Ferro. Mércores 10/Xan

Estratexias para a xestión de grupos e a resolución pacífica de conflitos.

Docencia Juan Vaello. Mércores, 31/xaneiro)

**Experimentamos o método: outros algoritmos para as operacións matemáticas –OAOA-.
(terceira sesión)**

Docencia con Marcos Marrero. Por confirmar data.

Iniciación ao Modelo SEM

Docencia con Betina do centro de educación especial de Panxón. Por confirmar data

Iniciación ao Modelo SEM

Intercambios de experiencias entre centros. Por confirmar data

Experiencias de centros na resolución pacífica de conflitos.

Docencia Mónica Beloso (IES faro das lúas). Por confirmar data.

DOCUMENTO 8: PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

1. PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE SECCIÓNS BILINGÜES (CLIL/AICLE)

MATERIA: *Educación Plástica*

ETAPA: *3º e 4º Curso de Educación Primaria*

LINGUA ESTRANXEIRA: *Inglés*

CENTRO: *CPI Mosteiro-Meis*

PROFESOR-COORDINADOR: *José Pascual Vidal*

Introdución

Dentro do conxunto de accións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén levando a cabo para potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, pertencentes ao espazo cultural europeo, inscríbese o Plan de seccións bilingües. As aulas bilingües, coñecidas polas súas siglas en inglés: CLIL (Contents and Language Integrated Learning) ou AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Lingua Estranxeira), supoñen unha aposta por mellorar as competencias lingüísticas do noso alumnado e, ao mesmo tempo, dan resposta a unha demanda social amplamente estendida por fomentar o estudo dun idioma estranxeiro, especialmente o inglés, que é o noso caso. Ademais, a introdución de AICLE no plan de estudos elevará o perfil do ensino de linguas estranxeiras de toda a escola. AICLE representa un apoio ao desenvolvemento do centro e así poderá responder mellor ás necesidades da sociedade de hoxe en día.

A escolla da materia de Educación Plástica débese ao seu carácter manipulativo, exenta da rixidez de pasar exames escritos e á súa distribución no horario lectivo dos alumnos, só unha sesión semanal, que non interfere no proceso de normalización da lingua galega. Ademais, as distintas editoriais teñen unha ampla oferta de textos en lingua inglesa que cubren esta disciplina.

Profesorado e alumnado participante

Continúan funcioando as seccións de 3º e 4º curso de educación primaria (dúas seccións en cada nivel), dando continuidade de participación aos alumnos/as ao longo do 2º ciclo.

Por mor dos bos resultados da experiencia, da demanda dos pais/nais do alumnado e a dispoñibilidade de profesorado, ampliouse no seu momento o proxecto para cubrir todo o segundo ciclo de educación primaria.

Só o profesor coordinador impartirá as ensinanzas do programa CLIL quen traballará en íntimo contacto cos titores e coas titoras de cada curso.

Espazos

Partindo do espazo da aula, desenvolverase noutros lugares como a biblioteca, sala de informática e, incluso, espazos abertos segundo o tema de traballo que se trate. A visita á sala de informática será especialmente relevante dende que entre os nosos contidos, materiais e competencias se atopa a relación da educación plástica coas TICs e co uso da internet.

Metodoloxía

BASES METODOLÓXICAS

Os eixes principais sobre os que xirará o noso xeito de traballar serán:

- Unha metodoloxía baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua.
- Teremos en conta a diversidade do alumnado para preparar actividades de reforzo e ampliación.
- Tentarase fomentar o traballo por proxectos.
- Sempre que sexa posible utilizarase a LE. Acudiremos sempre que sexa necesario á lingua materna do alumno.
- Os erros lingüísticos forman parte natural do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, non deben ser penalizados.
- Realizaranse varios tipos de agrupamentos: aula, gran grupo, pequeno grupo, obradoiros e grupos de actividades.
- Favorecer a creación de procesos de aprendizaxe significativa.
- Promover o desenvolvemento da actividade mental dos nosos alumnos/as.
- Desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

RESPECTO ÁS ACTIVIDADES

Tipoloxía

- De introdución-motivación: referidas ao aspecto da realidade que han de aprender.

- De coñecementos previos.
- De desenvolvemento: para coñecer conceptos, procedementos ou actitudes novas e comunicar aos demais a labor realizada.
- De consolidación: para contrastar as novas ideas coas previas e aplicar as novas aprendizaxes.
- De reforzo: para o alumnado con NEE.
- De recuperación: para os que non adquiriran os coñecementos traballados.
- De ampliación: para construír novos coñecementos aos alumnos que realizaron satisfactoriamente as actividades de desenvolvemento.

Características

Deben reunir os seguintes rasgos diferenciadores:

- Ser variadas e estar contextualizadas.
- Ser adecuadas ao momento de madurez e desenvolvemento persoal do alumnado.
- Ter validez para as aprendizaxes que se pretenden conseguir.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado.
- Responder aos seus intereses.
- Permitir reflexionar sobre os contidos xa adquiridos.
- Fomentar valores tales coma: tolerancia, respecto, autoestima, etc.
- Atender á diversidade do alumnado.
- Conectar coas outras áreas do currículo.
- Propiciar a aprendizaxe autónoma.
- Favorecer a comunicación.
- Ser útiles cunha fin.

Obxectivos transversais coa lingua estranxeira

- Favorecer a ensinanza integrada do inglés.
- Procurar que o alumnado se converta en plurilingüe e desenvolva unha interculturalidade.
- Proporcionar aos alumnos/as o maior tempo posible de exposición á lingua inglesa coa fin de que adquiran uns coñecementos que lle permitan a utilización da devandita lingua de xeito activo.
- Facer que o inglés sexa significativo para os alumnos/as relacionándoo con outras áreas da programación escolar.
- Transferir a aprendizaxe da lingua estranxeira a partires da aprendizaxe da lingua nai.
- Reforzar a aprendizaxe do inglés a través da incorporación do seu uso como vehículo de comunicación na área de Plástica.
- Adquisición de terminoloxía específica de Plástica en inglés.
- Recoñecer e apreciar o valor comunicativo da lingua estranxeira.
- Comprender e utilizar fórmulas habituais de interacción social lingüísticas en inglés.

2 PLAMBE 2017-18

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR

Unha biblioteca que medra e axuda a medrar

2.1 ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- * Elaborar un plan de adquisición de fondos para o curso atendendo ás necesidades dos departamentos, as suxerencias dos distintos niveis de primaria e dos clubs de lectura.
- * Seguir na liña de rexistro e catalogación de todos os fondos, que se adquiran para a biblioteca.
- * Rexistrar e catalogar os fondos existentes noutras dependencias ou departamentos que nos estean xa incorporados aos fondos da biblioteca.
- * Corrección dos erros de catalogación a medida que se vaian localizando.
- * Continuar coa difusión das novas adquisicións entre o alumnado e habilitar novas canles para o profesorado e membros da comunidade educativa.
- * Distribuir os fondos da Biblioteca, ampliando as Bibliotecas de aula, debido ás necesidades de espazo.
- * Continuar coa colaboración dos axudantes de Biblioteca entre o alumnado de Primaria e incluír aos alumnos de Secundaria.
- * Continuar coa potenciación do emprego da biblioteca no horario lectivo (recreos, clases) e non lectivo (tardes)
- * Manter os equipos informáticos actualizados e en funcionamento.
- * Modificar a integración e a funcionalidade do Equipo de Biblioteca para mellorar o seu labor:
 - Reducir o número de persoas integrantes do Equipo de Biblioteca, a favor do número de horas de adicación. Os membros do Equipo de Biblioteca deben ter alomenos dúas horas no seu horario lectivo para maior produtividade no traballo.
 - Distribuir claramente as tarefas a realizar por cada membro do equipo dacordo coas preferencias e habilidades persoais, agrupando as tarefas en tres grupos: xestión, dinamización e TICs.
 - Na elaboración dos horarios terase en conta que o noso centro é un CPI, polo tanto, as horas de biblioteca non deben coincidir cos recreos de Primaria ou Secundaria.
 - As gardas de biblioteca nos recreos deberán realizalas preferentemente as persoas integrantes do Equipo de Biblioteca e do Proxecto Lector, na medida das posibilidades do seu horario.

2.2 DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

- * Fomentar a participación en proxectos de documentación e traballos para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas.
- * Impulsar a utilización da biblioteca no horario lectivo dos departamentos (Secundaria) e niveis (Primaria). En Primaria seguirase establecendo unha hora semanal fixa para cada curso. En Secundaria farase un horario ao comezo de curso tentando establecer quendas quincenais de carácter fixo, de xeito que poidan existir sesións libres para grupos ou materias que precisen dun uso ocasional.
- * Realizar actividades en coordinación cos diferentes departamentos e niveis.
- * Fomentar a aportación do profesorado das distintas áreas na adquisición de fondos, para que as novas adquisicións se adecuen ás necesidades específicas do alumnado.


2.3 FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

- * Realizar a presentación da Biblioteca aos novos membros da comunidade educativa.
- * Actualizar a guía de uso da Biblioteca en papel e formato dixital.
- * Fomentar a búsqueda de información a través das posibilidades que ofrece o Programa Meiga.
- * Seguir difundindo entre a comunidade escolar os traballos do alumnado a través do blogue.
- * Recompilar enderezos webs interesantes e difundilos mediante o blogue e a páxina da biblioteca.

2.4 FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ANUAL DE LECTURA

OBXECTIVOS

- * Continuar na adquisición de novidades atractivas para o alumnado que desenvolvan o seu interese pola lectura.
- * Habilitar un buzón de suxerencias de lectura feitas polos propios alumnos.
- * Fomentar a participación do alumnado no blogue para expresar as súas opinións sobre as lecturas e traballos realizados.
- * Continuar coa actividade “Recreos de Lectura”

- * Seguir cos contacontos entre alumnado de distinto nivel e/ ou profesorado.
 - * Achegar a lectura ao alumnado presentando seleccións de libros cunha determinada temática en escenarios visualmente atractivos.
 - * Continuar coa implantación da Hora de Ler sen modificacións en Primaria e Secundaria
 - * Continuar cos Clubs de Lectura en Primaria e Secundaria
 - * Participar no programa Mochilas viaxeiras.
 - * Realización dun roteiro literario.
 - * Fomento da lectura a través da participación na Radio Escolar.
 - **Empregar todo tipo de textos:**
 - Literarios
 - Expositivos
 - Publicitarios
 - Gráficos
 - etc
- 

Outras actuacións

- * Realizar actividades en colaboración coa Biblioteca do Concello, e fomentar a súa visita e a outras bibliotecas próximas.
- * Difundir no seo do Consello Escolar a importancia das bibliotecas no noso entorno: actividades realizadas por outras bibliotecas, importancia das bibliotecas públicas nos periodos vacacionais...
- * Coordinar as actividades da Biblioteca en relación as actuacións dos equipos de TICS, actividades extraescolares e Normalización Lingüística.
- * Colaborar e fomentar a participación do alumnado na elaboración de traballos de creación literaria e de documentación.
- * Actualizar o noso blogue e continuar coa súa utilización como canle de difusión dos fondos, actividades, traballos e participación do alumnado.
- * Diseñar e realizar actividades que impliquen a toda a comunidade escolar e contribúan a súa interrelación.

AVALIACIÓN

Para avaliar as actuacións da nosa Biblioteca e saber o nivel de logro, utilizaremos as ferramentas de autoavaliación de fundación Germán Sánchez Ruipérez “Bibliotecas escolares entre interrogantes”, centrándonos sobre todo nos seguintes indicadores:

- Valor e integración no Centro
- Accesibilidade.

- Visibilidade.
- Análise das necesidades e oferta de servizos.
- Adecuación dos recursos documentais
- Coordinación pedagóxica.
- Grao de apoio ao currículo.
- Desenvolvemento das competencias básicas.
- Nivel de actividade que ten a Biblioteca e o seu grao de satisfacción.
- Papel do Equipo de biblioteca.

2.5 COORDINACIÓN DA BIBLIOTECA

O coordinador do equipo de Biblioteca para o curso 2017/ 2018 continuará a ser o mestre de Educación Primaria D. Adolfo Morgade Pichel.

Equipo de Apoio:

- Vidal Tobío, José Pascual
- Valiño González, M^a Jesús
- Tato Gulías, Julio
- Muñoz Heras, M^a Luz
- González Mato, Pilar

Horario: A determinar en función das necesidades e organización do Centro.

Mosteiro- Meis, 7 de novembro de 2017

Asdo: Adolfo Morgade Pichel.

3 CONTRATO PROGRAMA CPI MOSTEIRO-MEIS 2017-18

3.1 INTRODUCCIÓN

O **CPI Mosteiro-Meis** está localizado na parroquia de San Vicente, no concello de **Meis**. Trátase dunha zona rural dispersa habitada na súa meirande parte por familias de *nivel socioeconómico e cultural medio-baixo*.

O centro ten 19 unidades (11 de primaria e 8 de ESO) cunha matrícula de 328 alumnos/as. Hai ademais, un número relativamente elevado de alumn@s con necesidades educativas, valoración de minusvalías e adaptacións curriculares.

No CPI Mosteiro-Meis levamos beneficiándonos do PIM e o contrato-programa dende hai 5 anos. Dende a dirección do Centro, continúaase impulsando un cambio metodolóxico baseado no modelo socioformativo. Con esta finalidade estamos a desenvolver por 3º ano consecutivo o noso PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado) coas seguintes liñas:

Liña I: escola inclusiva e atención á diversidade.

- Enriquecemento curricular:
 - Modelo SEM.
 - Métodos abertos de cálculo matemático.

Liña II: convivencia escolar, centros saudables e relación coas familias.

- Estratexias para a mellora da convivencia no centro: A mediación

Na Educación Primaria desenvólvense apoios en todos os niveis, mentres que na ESO, e malia da redución de persoal, continuamos impulsando os desdobres e agrupamentos, a costa de diminuír o persoal de garda.

Por estes motivos e polo afán que ten o centro de mellorar a diversidade e problemática do alumnado, o noso proxecto trata de acometer accións de mellora en distintos ámbitos, coa finalidade de achegar solucións de maior impacto no éxito escolar.

Solicitamos as seguintes modalidades:

1. **PROA**
2. **Mellora das competencias clave**
3. **Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros**
4. **Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia**
5. **Mellora na calidade na xestión dos centros**

3.2 PROA

a. Razóns que xustifican a necesidade da actuación

A razón principal é a necesidade de motivar o alumnado con falta de hábito de estudo ou dificultades na aprendizaxe, agardamos que coa axuda desta modalidade de acompañamento, poidamos conseguir que mellore nos seus resultados académicos e aumentar a súa autoestima.

A transición entre etapas educativas é moi dura para todo o alumnado. Observamos que os alumnos/as que chegan a secundaria mostrando dificultades na EP, pérdense moi rápido e nos primeiros meses do curso réndense para quedar definitivamente descolgados. Buscamos reforzar os alumnos de 5º e 6º de primaria para evitar que cheguen frouxos a secundaria, e no caso de que así sexa tamén os reforzaremos en 1º de ESO para tratar de evitar o seu descolgamento.

b. Obxectivos que se perseguen

- Mellorar os índices de éxito escolar promovendo a creación de medios de detección de problemas escolares e a incorporación de accións que permitan melloralos.
- Favorecer a autonomía do/a alumno/a achegándolle as estratexias de traballo precisas para abordar a tarefa educativa.
- Axudar a desenvolver no/a alumno/a unha actitude relacionada co esforzo e a implicación no traballo diario.
- Mellorar a integración e autoestima do alumnado.
- Afondar na comprensión oral e escrita e axudar á mellora do razoamento lóxico-matemático a partir do cálculo e a resolución de problemas.

c. Medidas concretas que se van desenvolver

Para poder acadar os obxectivos xerais establecidos neste proxecto, establecemos os seguintes contidos:

- Hábitos organizativos e de traballo: observación, atención, distribución do tempo, técnicas de estudo.
- Comprensión oral e escrita. Esquemas, resumos e síntese, identificación de ideas centrais e secundarias.
- Expresión oral: exposicións, diálogo, debate, postas en común.
- Expresión escrita: técnicas de expresión escrita.
- Cálculo e resolución de problemas.

Estes contidos serán traballados a partir de situacións de interese do alumnado, noticias, entrevistas, magazines e outras fontes que sexan preferentes para eles.

d. Alumnado ao que vai destinada.

Grupo 1:

- Alumnado: 10 alumnos/as
- 5º e 6º de Primaria
- Horario: luns e mércores, de 16:00 a 18:00

Grupo 2:

- Alumnado: 10 alumnos/as
- 1º e 2º de ESO
- Horario: martes e xoves, de 16:00 a 18:00

e. Profesorado implicado

- Un docente externo
- Un coordinador: o coordinador do programa será Luis Camilo Fernández Álvarez. Dentro do seu labor estará reunirse tanto cos titores dos cursos correspondentes

coma cos profesores acompañantes e familia dos alumnos. Deste xeito poderase optimizar o proxecto facendo un seguimento regular e intentando sempre mellorar o desenvolvemento curricular e individual do noso alumnado.

f. Horario no que se desenvolverá a actuación.

- Grupo 1: luns e mércores, de 16:00 a 18:00
- Grupo 2: martes e xoves, de 16:00 a 18:00
- Apoios nas aulas: 8 horas a semana: dous o martes, 3 o mércores e o xoves.
- Horas de coordinación: Unha hora a semana (o martes)

g. Orzamento.

- Gastos de funcionamento (Fotocopias e funxible): **200 €**
- Transporte: 400 €/mes x 5 meses= **2500€**

h. Indicadores de medida.

- Porcentaxe de alumnos que melloran os resultados académicos respecto da 1ª avaliación: 50%
- Incremento da nota media de todas as materias con máis de 2 horas semanais superior ao 10%

3.3 REFORZO EN COMPETENCIAS CLAVE EN 3º E 4º ESO

a. Razóns que xustifican a necesidade da actuación

Unha das áreas nas que temos máis alumnado con dificultades é a de matemáticas. Con esta modalidade de actuación o alumnado terá a oportunidade de afondar nos seus coñecementos en matemáticas nun contexto máis doado para eles, en pequeno grupo, e con compañeiros e compañeiras con ritmos de aprendizaxe en matemáticas semellantes. Agardamos que coa axuda desta modalidade de acompañamento, poidamos acadar que melloren os seus resultados académicos e aumentar a súa autoestima

Dentro do noso empeño en afondar no ensino competencial, pretendemos desenvolver iniciativas que poñan o foco en aprendizaxes significativos nas competencias chave, especialmente nas áreas instrumentais: competencia matemática e competencia en comunicación lingüística.

b. Obxectivos que se perseguen

- Mellorar o nivel en competencia matemática.
- Mellorar os índices de éxito escolar promovendo a coordinación entre os docentes da área para incidir nos aspectos e logros máis importantes.
- Favorecer a autonomía do/a alumno/a achegándolle as estratexias de traballo e técnicas heurísticas precisas para abordar os problemas matemáticos.
- Axudar a desenvolver no/a alumno/a unha actitude relacionada co esforzo e a implicación no traballo diario.

c. Medidas concretas que se van desenvolver

Para poder acadar os obxectivos xerais establecidos neste proxecto, establecemos os seguintes contidos:

- Hábitos organizativos e de traballo: observación, atención, distribución do tempo, técnicas de estudo.
- Cálculo e resolución de problemas.
- Aplicación das matemáticas a problemas de contexto.
- Técnicas para a resolución de problemas.
- Esquemas, gráficas, organización de datos.

Alumnado ao que vai destinada.

Grupo 1:

- Alumnado: 8 alumnos/as
- 3º de ESO
- Horario: mércores e venres, de 16:00 a 18:00

Grupo 2:

- Alumnado: 6 alumnos/as
- 4º de ESO
- Horario: martes e xoves, de 16:00 a 18:00

e. Profesorado implicado

- Un docente externo
- Unha coordinadora que será a xefa do departamento de matemáticas Rosa Guerra. Dentro do seu labor estará reunirse tanto cos titores dos cursos correspondentes coma cos profesores acompañantes e familia dos alumnos. Deste xeito poderase optimizar o proxecto facendo un seguimento regular e intentando sempre mellorar o desenvolvemento curricular e individual do noso alumnado.

f. Horario no que se desenvolverá a actuación.

- Grupo 1: mércores e venres, de 16:00 a 18:00
- Grupo 2: martes e xoves, de 16:00 a 18:00
- Horas de coordinación: Unha hora a semana (o martes)

g. Orzamento.

- Gastos de funcionamento (Fotocopias e funxible): **100 €**
- Transporte: 350 €/mes x 5 meses= **1750€**

h. Indicadores de medida.

- Porcentaxe de alumnos que superan matemáticas: 50%

3.4 MELLORA DA CONVIVENCIA E PROMOCIÓN DA IGUALDADE NOS CENTROS

a. Razóns que xustifican a necesidade da actuación

A pesar de que o noso centro non é especialmente conflitivo, pretendemos mellorar as relacións interpersoais do noso alumnado e implicalo na resolución dos conflitos. Dentro do noso PFPP temos unha liña de actuación adicada a mediación co obxectivo de formar a unha selección de alumnos e alumnas como mediadores. No que atinxe á prevención dos conflitos, constatamos que os períodos de lecer adoitan ser os momentos onde aparecen un maior índice de conflitividade, polo que trataremos de centrarnos na prevención dinamizando os recreos.

b. Obxectivos que se perseguen

- Diminuír a conflitividade nos recreo.
- Ampliar as ofertas de ocio nos recreos.
- Alicerzar a educación en valores dos máis pequenos

c. Medidas concretas que se van desenvolver

1. Dinamización dos recreos: Todos os días ofreceremos actividades alternativas no recreo (baile, xadrez, rocódromo, radio, club de lectura) e implicaremos ao alumnado para dirixilas. Adaptaranse seccións dos patios de recreo para diversos xogos tradicionais e de equilibrio e psicomotricidade.
2. Empregar a hora de lectura en primaria para educar en valores: Adquirirase material específico de lectura para que o tempo de lectura semanal verse sobre a temática de igualdade, tolerancia e convivencia.

d. Alumnado ao que vai destinada.

- ESO
- Primaria

e. Profesorado implicado

- Equipo directivo e titores

f. Horario no que se desenvolverá a actuación.

- Recreo de secundaria, hora de lectura de primaria.

g. Orzamento.

- Gastos de funcionamento (material de lectura, funxibles, material para as distintas actividades como cintas de equilibrio, raquetas ...): 500 €.

h. Indicadores de medida.

- Porcentaxe de redución de sancións disciplinarias.
- Número de actividades desenvolvidas.

3.5 MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA

a. Razóns que xustifican a necesidade da actuación

No contexto das actuacións que levaremos a cabo, debemos dar resposta non só aos rapaces que amosan certa dificultade na aprendizaxe, senón tamén a aqueles alumnos que teñen capacidade para ampliar as súas competencias por riba da media. Temos detectado alumnado que perde o interese nas clases porque o ritmo destas é inferior ao que poderían seguir.

b. Obxectivos que se perseguen

- Espertar a curiosidade e o gusto polas ciencias, tecnoloxía e matemáticas.
- Cederlle o protagonismo ao alumnado.
- Pór en valor o alumnado que presenta bos resultados académicos (como un exemplo a seguir).
- Obter a máxima rendibilidade competencial do alumnado que amosa maiores capacidades.

c. Medidas concretas que se van desenvolver

- Continuar co EXPERIMENTO DO MES:
Realizarase un experimento mensual por un grupo de alumnos e alumnas de carácter científico-divulgativo. O experimento deseñase polos departamentos matemático-científico-tecnolóxico que determinarán que grupo é o idóneo para desenvolverlo e amosarlllo ao resto da comunidade educativa. Aos experimentos daráselle un carácter histórico, reproducindo experiencias relevantes na ciencia ou feitos por personaxes notables.

d. Alumnado ao que vai destinada.

- Realizan a experiencia alumnos e alumnas de 3º e/ou 4º ESO.
- Participan dela: todo o alumnado.

e. Profesorado implicado

- Departamentos de ciencias, matemáticas, física e química e tecnoloxía.

f. Horario no que se desenvolverá a actuación.

- Coordinación nos recreos. Desenvolvemento da experiencia: un día ao mes.

g. Orzamento.

300 euros por experiencia= 1500 € para 5 experiencias.

h. Indicadores de medida.

3.6 MELLORA NA CALIDADE NA XESTIÓN DOS CENTROS

a. Razóns que xustifican a necesidade da actuación

Melloras nos servizos que presta o Centro. Pretendemos beneficiarnos do feito de contar cun comedor escolar de xestión directa do que goza a meirande parte do noso alumando. Ademais de melloras no servizo, queremos engadirlle unha nova óptica aproveitando o interese que suscita, tanto nas familias coma no alumnado, calquera nova relativa ao comedor escolar. Por outra banda, pensamos que á actual axenda escolar pódese sacar unha maior rendibilidade. Aínda que a axenda escolar estase a converter nun medio de control e comunicación do profesorado coas familias eficaz, pretendemos engadirlle máis contidos atractivos e útiles, que esperten a curiosidade do alumnado e poidan servir incluso como recurso de consulta.

b. Obxectivos que se perseguen

- Integrar e dinamizar o comedor escolar coma recurso educativo do Centro.
- Mellorar a comunicación e a relación coas familias.
- Comezar a estandarizar e documentar os procesos realizados no centro

c. Medidas concretas que se van desenvolver

- Continuar coas xornadas gastronómicas:
 - Unha vez ao trimestre, cando menos, celebrarase unha xornada gastronómica dedicada a unha rexión ou país concreto.
 - Informarase ás familias e ao alumnado coa documentación sobre o menú, xeografía, costumes e historia ou curiosidades da rexión en cuestión.

- A semana en que se celebre a xornada, na hora de lectura correspondente, entregaranse copias dun documento contextualizado e centrado na xornada para que o alumnado o lea.
- Elaboración dunha axenda escolar personalizada:
Traballaremos na CCP para a elaboración dunha axenda escolar específica do noso Centro. Pretendemos convertela nunha axenda que achegue información útil de tipo cultural, lecturas recomendadas, citas diarias, enlaces webs útiles, selección de textos, etc.
- Elaboración e codificación de formatos e procedementos: Traballaremos para continuar coa estandarización e documentación dos procesos básicos que se fan no centro.

d. Alumnado ao que vai destinada.

- Todo o alumnado.

e. Profesorado implicado

- Equipo directivo.
- Encargado do comedor escolar.
- Membros da CCP.

f. Horario no que se desenvolverá a actuación.

- Nas reunións da CCP.
- Nas reunións entre o encargado do comedor, director e cociñeira para deseñar os menús do mes.
- Nas reunións do equipo directivo.

g. Orzamento.

- 2500 €.

h. Indicadores de medida.

Grao de satisfacción das familias. Pasarase unha enquisa a final de curso.

4 PROXECTO RÍOS: A escola do río. Unha proposta de traballo compartida.

4.1 INTRODUCCIÓN

É o 6º curso no que o CPI Mosteiro-Meis participa no Proxecto Ríos. Continuaremos coas investigacións que nos permitan coñecer a evolución do estado de saúde do noso río (o **Rego de San Tomé**) e achegáremonos a outros ecosistemas fluviais.

Este curso centraremos gran parte do noso traballo nunha liña iniciada o curso pasado: o traballo compartido con outros dous centros educativos: o **Centro Integrado de Formación Profesional Portovello** de Ourense e o **Centro Rural Agrupado de Meis**. Deseñaremos e desenvolveremos diversas propostas traballando coordinadamente entre **diferentes etapas educativas: o Educación Infantil, E. Primaria, E.Secundaria e Formación Profesional**, todo un reto, proceso a bo seguro moi enriquecedor.

Outro ámbito é o do control e eliminación de especies invasoras, iniciativa na que contamos coa colaboración co **Centro de Experimentación e Formación Agroforestal de Lourizán, o Concello de Meis e a Comunidade de Montes de San Tomé**.

OBXECTIVOS.

Comúns aos do Proxecto Ríos.

- Concienciar da importancia de adoptar actitudes encamiñadas a protexer e mellorar o medio ambiente.
- Colaborar na mellora da calidade dos ecosistemas fluviais.
- Estimular e potenciar a participación da comunidade educativa no achegamento ao entorno natural e na conservación do patrimonio natural e cultural.
- Participar nunha rede cidadá activa na protección dos ríos, que permita coñecer o seu estado de saúde e previr e solucionar os problemas.

Específicos para o noso centro.

- Colaborar con outros profesiniais relacionados coa conservación dos ecosistemas fluviais.
- Traballar en rede con outros centros educativos, realizando proxectos comúns.
- Desenvolver propostas educativas interdisciplinares, que permitan ao alumnado e profesorado una visión máis integral das condicións ambientais, sociais, e culturais dos nosos ríos, e do medio ambiente en xeral.
- Coñecer e achegarnos ao entorno natural máis cercano, utilizándoo activamente como fonte de recursos educativos.
- Incorporar novos profesores e alumnado ao proxecto.
- Realizar accións que melloren o estado de conservación do Rego de San Tomé e dar a coñecer os seus valores.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Desenvolveremos varias liñas de acción compartidas:

1. Investigación no Rego de San Tomé. Nas inspeccións de outono de 2017 e primavera de 2018 estudaremos tódolos parámetros plantexados na metodoloxía do Proxecto Ríos. **A novidade para este curso: realizaremos unha actividade compartida co Centro Rural Agrupado de Meis, cooperando profesorado e alumnado de ESO, Primaria e Infantil, coa participación das familias.**
2. Estudo doutros ecosistemas fluviais. **En colaboración con varias escolas do CRA de Meis, achegarémonos a outros ríos e regatos:** Río San Martiño, Río Cañón, Río da Baralla, entre outros. Participan alumnos-as de ESO, Primaria e Infantil.
3. **Creación dunha Escola do Río.** Acondicionaremos unha pequena casa da Comunidade de Montes de San Tomé, situada na beira do río e actualmente sen uso, como espazo educativoambiental, creando unha escola do río donde as comunidades educativas (CRA de Meis, CIFP Portovello e CPI Mosteiro-Meis) proxecten as súas ilusións. Elaboraranse e testaranse diversos recursos educativoambientais para a etapa de Infantil. Organizaremos varias actividades conxuntas en datas sinaladas (Día do Libro, Día do Medio Ambiente).
4. Eliminación de especies invasoras. En anos anteriores localizamos e identificamos especies invasoras en varios tramos do Rego de San Tomé. Completaremos a súa identificación e localización, planificando accións para eliminalas -cando sexa posible- en colaboración con docentes e alumnado do **CEFA de Lourizán, Concello de Meis e CM de San Tomé.**

Actividades na aula no CPI Mosteiro-Meis.

Cada profesor traballará na aula, co seu grupo correspondente, sobre as experiencias das saídas, evaluando os resultados e relacionando o traballado cos contidos curriculares segundo a etapa educativa.

- No CPI Mosteiro-Meis, en todos os cursos de Educación Primaria, traballando os contidos relacionados coas Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, linguas, etc.
- Nos catro cursos de Educación Secundaria repasaremos e ampliaremos todos estes contidos, nas materias de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química (1º, 2º, 3º e 4º de ESO). Profundizaremos no coñecemento das problemáticas socioambientais relacionadas coa explotación dos recursos, temática tratada especificamente nos cursos 3º e 4º de ESO.
- Costruiremos diversos aparellos, usados para a investigación dos macroinvertebrados, na asignatura de Tecnoloxía.
- Elaboraremos un glosario do río, coa implicación do profesorado de Linguas Extranxeiras (Francés e Inglés, ademais de galego e castelán).

Actividades formativas

O profesorado tentará participar nas actividades formativas do Proxecto Ríos e na presentación e intercambio de experiencias.

Na medida do posible organizaremos outras experiencias de autoformación no centro.

AVALIACIÓN

Repetimos o modelo de cursos anteriores, xa que funcionou e parécenos axeitado.

Inicial.

Nunha primeira xuntanza do profesorado participante analizaremos cal é a situación da que partimos:

-Coñecemento do río elexido para o estudo e inspeccións estado do mesmo.

-Coñecemento dos elementos relacionados cos ecosistemas fluviais: patrimonio natural e cultural, actividades humanas e impactos socioambientais relacionados, etc.).

-Valoración das actividades desenvolvidas no centro en relación ao medio natural, en xeral, e aos ecosistemas fluviais en particular.

-Outros aspectos de interese que xurdan.

Do proceso.

Dado que as propostas de traballo terán unha integración plena cos contidos curriculares, unha parte da valoración do proceso estará relacionada coas probas diagnósticas que se realizarán na aula (cursos de Primaria e cursos da ESO participantes). Inclúiranse contidos relacionados co estudo dos ecosistemas fluviais en ditas probas, analizando a adquisición de certos contidos e destrezas polo alumnado participante. Pensamos en contidos teóricos pero tamén prácticos.

Despois de cada actividade (inspeccións de outono e primavera) farase unha avaliación conxunta (profesorado e alumnado) en cada aula. O grupo de profesores fará tamén unha xuntanza avaliativa ao remate de cada unha das inspeccións, analizando todos os aspectos de interese (preparación da actividade, desenvolvemento da mesma, novas necesidades e cambios a introducir en posteriores experiencias...).

Final.

Referímonos á actividade avaliativa final de cada curso. Unha vez rematadas as sesións lectivas, a finais de xuño realizaremos unha avaliación final analizando todos os detalles do traballo desenvolvido, recollendo propostas de continuidade e novas propostas para seren desenvolvidas no seguinte curso.

Os coordinadores dos tres centros (CRA de Meis, CIFP Portovello e CPI Mosteiro-Meis) realizaremos unha avaliación conxunta; as súas conclusións serán incluídas na memoria final.

PARTICIPANTES

Profesorado participante no CPI Mosteiro-Meis:

Camilo Ojea Bouzo	J. Antonio Barros Borrajo	Alicia Martínez Astor	Cristina Gamallo Fariña
María Luz Muñoz Heras	Dulce M ^a Dorado Varela	M ^a Pilar Rodríguez Rivas	Julia Martínez Arranz
Manuel Muñoz Hermida	Mar Rey Pérez	M ^a do Pilar González Mato	J. Raúl Cabaleiro González

5 PROXECTO FITOFALADOIRO CURSO 2017-18

5.1 “FALAMOS DAS PLANTAS DOS RÍOS”

Introdución

Dende o curso 2013-14 colaboramos co proxecto *Fitofaladoiro* desenvolvendo actividades puntuais. Investigamos con varios cursos de ensino primario e secundario sobre os nomes e usos de plantas silvestres do noso concello; coñecemos as “plantas de San Xoán” e, co asesoramento do Herbario e Banco de Xermoplasma da USC, aprendemos a realizar o proceso de herborización.

Este curso pretendemos dar un paso adiante, organizando un programa de actividades máis ambicioso e estruturado, integrado na actividade curricular de todos os cursos de Secundaria do noso centro.

O eixe central do traballo var ser a interacción co ecosistema fluvial a través da recollida de plantas para a súa posterior herborización, o estudo dos diferentes ecosistemas que aparecen nos ríos e a recollida de lendas de tradición oral asociadas a estes espazos para, posteriormente, reeloralas en formato radiofónico a través da radio escolar.

Obxectivos xerais:

- Recoller nomes e usos tradicionais de plantas ventureiras de Galicia. Tamén resultan de interese outros aspectos culturais relacionados coas plantas, coma a existencia de lendas, contos, refráns, crenzas, xogos, etc.
- Aprender a crear un herbario.
- Recoller elementos culturais que están a desaparecer; fomentar o respecto polos saberes tradicionais e a Natureza; fomentar o diálogo interxeracional, entre os nenos e as persoas maiores.
- Mostrar as posibilidades do galego no contexto das ciencias naturais.

Obxectivos específicos:

- Rexistrar a variedade de nomes e usos das plantas da nosa contorna.
- Coñecer os aspectos culturais relacionados coas plantas (usos culinarios, menciñas, xogos, crenzas, refráns...) contribuindo a preservar o noso patrimonio cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía de traballo de campo con todos os procesos que isto carrega.
- Percibir a lingua galega como elemento moi válido para aprender e divulgar coñecemento científico e cultural.
- Fomentar o aprecio do alumnado pola lingua galega a través do coñecemento da biodiversidade máis inmediata.
- Proxectar unha imaxe positiva da lingua galega á sociedade en que se insire o centro.
- Coñecer e achegarnos ao entorno natural máis próximo, utilizándoo activamente como fonte de recursos educativos.

- Afondar na colaboración entre os diferentes Departamentos do noso centro educativo.
- Preparar materiais didácticos específicos adaptados ao noso centro.

Desenvolvemento do proxecto

Na edición 2017-2018, o proxecto Fitofaladoiro no CPI do Mosteiro-Meis vai afondar en aspectos que foron tratados en edicións anteriores como son a procura de diferentes plantas para herborizar apoiándonos na comunidade educativa, nomeadamente o alumnado e as súas familias. A novidade deste ano vai ser que imos centrar o traballo nos ecosistemas acuáticos como ríos ou lagoas.

Dentro desta liña de traballo temos previstas varias actividades:

- Rutas didácticas polo río para descubrir nomes e usos das plantas. Está previsto contar coa participación do biólogo César Lema.
- Descubrir a variabilidade na designación dos propios ríos; unha mesma corrente de auga pode ser nomeada de diferentes maneiras segundo a poboación que atravesese, en función da percepción que esa poboación teña do río e si.
- O río escollido como base vai ser o Rego de San Tomé, aínda que será ampliable a toda a conca.
- Recoñecemento e descrición de infraestruturas asociadas aos ríos: muíños, ferrerías, pontes, pasares, presas, etc.
- Recollida de historias reais, lendas ou sucesos que aconteceran na contorna dos ríos. Esta actividade pode desenvolverse traballando o tipo de texto xornalístico.

Metodoloxía

Retomárase o modelo de entrevista que se desenvolvera hai dous cursos, cando o alumnado fora o encargado de recoller a información directamente dos informantes que eles seleccionaron. Nesta edición do Fitofaladoiro, a observación e a recollida de exemplares in situ, durante as visitas que se farán aos espazos acuáticos, cobrarán un especial relevo xa que serán o propio alumnado o que escolla as plantas que máis lle chamen a atención.

A continuación recompilarase e estruturarase por temáticas xa no centro de ensino con vistas a organizar unha exposición aberta ás familias do concellos de Meis.

Por último, remitirase toda esta información aos responsables do proxecto en Compostela.

Grupos participantes

1º, 2º, 3º e 4º de ESO, dependendo do grupo, xunto co profesorado de Bioloxía e Xeoloxía/Ciencias Naturais e Lingua Galega e Literatura.

Profesorado implicado

- Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía: Camilo Ojea Bouzo.

- Dpto. de Lingua e Literatura Galegas: Luz Varela Armas e Fernando Pazos García.

Avaliación

Inicial

Nunha primeira xuntanza do profesorado participante analizaremos cal é a situación da que partimos:

- Posibles informantes que se poden tocar. Recuperación daqueles que foron máis interesantes.
- Coñecemento dos elementos relacionados cos ecosistemas fluviaais: patrimonio natural e cultural, actividades humanas e impactos socioambientais relacionados, etc.).
- Valoración das actividades desenvolvidas no centro en relación ao medio natural.
- Outros aspectos de interese que xurdan.

Do proceso

Dado que as propostas de traballo terán unha integración plena cos contidos curriculares, unha parte da valoración do proceso estará relacionada coas probas diagnósticas que se realizarán na aula. Inclúiranse contidos relacionados co estudo dos ecosistemas fluviaais en ditas probas, analizando a adquisición de certos contidos e destrezas polo alumnado participante.

Pensamos en contidos teóricos pero tamén prácticos.

Despois de cada actividade farase unha avaliación conxunta (profesorado e alumnado) en cada aula. O grupo de profesores fará tamén unha xuntanza avaliativa ao remate de cada unha das inspeccións, analizando todos os aspectos de interese (preparación da actividade, desenvolvemento, novas necesidades e cambios a introducir en posteriores experiencias...).

Final

Referímonos á actividade avaliativa final de cada curso. Unha vez rematadas as sesións lectivas, a finais de xuño realizaremos unha avaliación final analizando todos os detalles do traballo realizado, recollendo propostas de continuidade e novas propostas para seren desenvolvidas no seguinte curso.

O profesorado implicado realizará unha avaliación conxunta; as súas conclusións serán incluídas na memoria final

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Unha vez que o proxecto lingüístico do centro está elaborado e aprobado polo Consello Escolar no presente curso, considérase que para levar a cabo as accións marcadas no proxecto debe implicarse todo o profesorado do centro e non un equipo específico.

O Equipo Directivo velará polo seu cumprimento e se encargará de que se realice a correspondente avaliación ao remate de cada curso escolar por se fose necesario realizar alguna modificación.

PLAN DE FOMENTO DA LECTURA

OBXECTIVOS:

- Fomentar o gusto pola lectura.
- Mellorar a competencia lingüística.
- Potenciar o hábito lector.
- Valorar e utilizar a Biblioteca.
- Desenvolver habilidades informativas, de investigación documental e competencia dixital.
- Implicar ás familias e conciencialas sobre a “importancia dun hábito lector”.

PLAN DE ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR:

- **O plan está desenvolto no apartado 2.4 do PLAMBE.**
- **Hora de ler en Secundaria**

Continúarase este curso cunha sesión dunha hora á semana. Cada semana realízase nunha sesión distinta co fin de que todo o profesorado participe na Hora de ler e que corresponda a materias diferentes (Adxúntase calendario de organización). Comeza en outubro e remata en xuño. O profesorado implicarase na selección de materiais para ofrecer ao alumnado.

O tipo de lectura organizarase dacordo aos niveis de lectura e autonomía do alumnado e quedará reflectido na memoria anual.

Programación da hora de lectura

sesión	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	2 outubro	28 novembro	24 xaneiro	15 marzo	4 maio
2ª	9 outubro	5 decembro	31 xaneiro	22 marzo	11 maio
3ª	16 outubro	12 decembro	7 febreiro	5 abril	25 maio
4ª	23 outubro	19 decembro	21 febreiro	12 abril	1 xuño
5ª	30 outubro	9 xaneiro	28 febreiro	19 abril	8 xuño
6ª	6 novembro	16 xaneiro	7 marzo	26 abril	15 xuño
7ª	13 novembro				
8ª	20 novembro				

PROGRAMACIÓN ANUAL DAS TIC

1 INTRODUCCIÓN

Nunha sociedade na que as TIC se converteron nunha ferramenta de uso case común en moitas actividades, a aula segue sendo un dos entornos con menor nivel de implementación de ferramentas informáticas.

A introdución de ordenadores na aula é un cambio inmediato, pero a súa utilización didáctica por parte do profesorado e alumnado require o desenvolvemento dunha serie de actitudes, habilidades e coñecementos que necesitan dunha de tempo suficiente. Por iso, é preciso definir as metas que se poden alcanzar a curto prazo e que facilitarán o camiño para aquelas que precisen un período máis longo para a súa consecución.

Dende fai anos, no noso centro temos a nosa disposición 2 aulas de informática, e dotacións de ordenador e PDI no resto das aulas, polo que estamos en disposición de afrontar os retos das novas metodoloxías TIC nas nosas aulas.

Durante o curso pasado incorporouse unha terceira sala de ordenadores que permite traballo interdisciplinar sen ser materia de informática propiamente dita, a incorporación das tablets a disposición de calquera profesor para traballar con elas na súa aula. Tamén houbo una mellora na velocidade de conexión a Internet, que permitirá dar un salto na calidade do ensino dixital.

Coa idea de dotar de novas ferramentas de traballo que permita ao alumnado adquirir unha mellor competencia dixital para o futuro, incorporase a plataforma Google Classroom, que habilita a posibilidade de traballar na nube tanto ao profesorado como o alumnado e levar a cabo novas metodoloxías didácticas como poden ser o flipped classroom, sempre dentro dun entorno de seguridade.

2 QUENES COMPOÑEN O GRUPO DAS TICS

Os compoñentes do grupo son os seguintes

Profesorado

Javier Prado Espiñeira Coordinador TICS

Membros integrantes do grupo TICS

Luis Camilo Fernández Álvarez

Manuel Muñoz Hermida

José Raúl Cabaleiro

3 OBXECTIVOS

- Terminar de inventariar os recursos de novas tecnoloxías existentes na actualidade.
- Propoñer alternativas para o uso destes recursos que supoñan unha optimización no uso dos mesmos.
- Emprego de Google Classroom dentro das aulas de secundaria, como medio de ensinanza-aprendizaxe que permita eliminar tarefas en papel, e afondar no aprendizaxe cooperativo mediante as TIC.
- Emprego por parte do profesorado de primaria do Google Classroom para mellorar a coordinación e organización do centro. Centralizando a xestión documental e mellorando a efectividade das reunións departamentais.
- Verificar o funcionamento dos equipos e substituílos en caso de mal funcionamento ou obsolescencia..
- Continuar a dinamización da páxina web e blog do noso centro por parte de toda a comunidade educativa.
- Emprego por parte do alumnado da radio como unha ferramenta TIC que permita a aprendizaxe e a mellora das competencias de comunicación oral. Así como a integración da radio escolar na vida diaria do centro..
- Creación de recursos dixitais organizados en plataformas web.
- Dotar de dispositivos tipo tabletas para a utilización didáctica polo profesorado.
- Solucionar os problemas técnicos elementais máis comúns que plantexan os equipos informáticos.
- Mellorar a competencia TIC do profesorado.
- Divulgación das normas de uso dos recursos TIC para tod@s @s usuari@s do centro.
- Promover no profesorado a pescuda de metodoloxías baseadas nos recursos TIC.
- Fomento do emprego de plataformas de aula virtual.
- Empregar a web como método prioritario de divulgación do traballo tanto do alumnado como do profesorado.

4 NORMAS DE USO DAS AULAS DE INFORMÁTICA.

Para o alumnado:

As aulas de informática do centro son empregadas por moitos alumnos/as. As seguintes normas teñen como finalidade facilitar o uso compartido das mesmas e protexer os equipos do uso inadecuado.

- Examinaranse os equipos antes de iniciar a sesión, si se detecta algunha incidencia informarase ó profesor/a.
- Os alumno/a ou alumnos/as que están a facer uso dun ordenador serán os responsables dos posibles danos que sufra.
- Non se poderá mascar chicle, nin comer ou beber na aula informática.

- Está prohibido entrar con mochilas ou estuches así como cazadoras na aula informática; un lapis e un libreto será o material suficiente para traballar na mesma.
- Durante as sesións de clase empregaranse unicamente os programas indicados polo profesor/a.
- Está prohibido introducir programas dende discos, memorias USB, etc, baixar programas de internet ou participar en chats sen autorización. Do mesmo xeito non poderán usarse na aula programas de xogos, chat e visitas a páxinas web sen o coñecemento do profesor/a.
- Os cartafoles e ficheiros de datos creados polos usuarios deberán gardarse na unidade de disco *Datos d*:
- Ó finalizar a sesión a aula debe quedar en perfecta orde co fin de facilitar a súa utilización por outros grupos. Débense pechar todos os programas e aplicacións correctamente, as mesas deben quedar limpas e as cadeiras colocadas.
- Aqueles danos nun ordenador ou no mobiliario da aula, causados intencionadamente ou debidos ó uso inadecuado, terán a súa sanción correspondente.

Para o profesorado:

As aulas de informática están destinadas preferentemente para o uso por parte do alumnado. O profesorado dispón dos ordenadores dos departamentos ou da sala de profesores.

- O alumnado que empregue as aulas de informática deberá estar sempre acompañado por un profesor/a responsable da actividade que se estea a realizar. En ningún caso poderán estar sós.
- Ás aulas acudírase a realizar actividades concretas para as que sexan necesarios os medios informáticos. No deseño destas actividades contemplárase que ningún alumno/a ou grupo quede sen un traballo que realizar, pois estes alumnos ociosos adócanse a pescudar e xogar cos equipos e rematan por causar problemas nos mesmos.
- Se falta o profesor/a de informática, os alumnos non empregarán a aula, nin sequera acompañados polo profesor/a de garda. Non se permite o uso das aulas para manter o alumnado entretido durante as gardas .
- Non se permitirá o uso das aulas ó alumnado para a realización de traballos particulares.
- Os ordenadores están configurados cunha serie de programas básicos. O profesorado que precise empregar outras aplicacións porase en contacto co responsable do mantemento informático.
- O emprego das aulas ten unha finalidade didáctica de modo que está prohibido o emprego de xogos e as visitas a páxinas web e chats sen contido educativo. O profesorado responsable da actividade deberá evitalo.
- O profesorado que utilice cun grupo á aula de informática comprobará o estado da mesma así como dos equipos que empregue. Se detectase algún dano comunicaráo ó/á responsable do mantemento informático para a súa reparación e detección do alumnado responsable, cubrindo o correspondente parte de incidencias.

- A aula de informática empregada debe quedar en perfecta orde ó final da sesión co fin de facilitar o seu emprego por outros grupos. Débese incidir principalmente en saír dos programas e apagar os equipos correctamente así como manter a orde e limpeza da aula.
- Na primeira sesión na que o alumnado dun grupo acuda á aula de informática informaráselle das normas, que estarán expostas nun lugar visible.
- O profesorado que acuda a aula con algún grupo deberá rexistrarse nas follas correspondentes que estarán na mesa do profesor de dita aula.

Por posible avaría do sistema operativo ou formateo dos equipos non se pode garantir que funcionen todos ó iniciar unha sesión ni que conserven os datos ó longo de todo o curso. Os ordenadores están conxelados e restaurarán diariamente a súa configuración orixinal que afecta a toda a unidade C: de modo que tódolos programas e datos gardados nesta unidade perderanse o apagar os equipos.

5 ASISTENCIA AULAS DE INFORMÁTICA

Todos aqueles que acudan á aula informática deberán rexistrarse cumprimentando unha folla mensual que estará na mesa do profesorado:

A aula de informática permite desenvolver con moita flexibilidade todo tipo de proxectos que poden facerse permitindo adaptarse aos medios dispoñibles, ao tipo de alumnado, ao nivel de acceso ao equipamento. É polo tanto, un espazo idóneo para desenvolver, entre outras, a competencia dixital.

Esperamos do presente curso unha ampla e boa utilización da ferramentas TIC . O equipo responsable das TIC porá da súa parte os recursos dispoñibles e os seus coñecementos para que se acaden os obxectivos programados.



INFORME DO CLAUSTRO

Don José Carlos Dopazo Fontán, secretario do CPI Mosteiro-Meis,

CERTIFICA:

Que no claustro do profesorado reunido en sesión ordinaria o día 7 de novembro de 2017, informouse favorablemente o capítulo III da programación xeral anual para o curso escolar 2017-18.

E, para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente certificación.

En Mosteiro a 7 de novembro de 2017

Vº e prace

O director

O secretario



Asdo: Luis Camilo Fernández Álvarez

Asdo: J. Carlos Dopazo Fontán



APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Don José Carlos Dopazo Fontán, secretario do CPI Mosteiro-Meis,

CERTIFICA:

Que Consello Escolar profesorado reunido en sesión ordinaria o día 7 de novembro de 2017, APROBOU por unanimidade dos membros presentes o capítulo III da programación xeral anual para o curso escolar 2017-18.

E, para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente certificación.

En Mosteiro a 7 de novembro de 2017

Vº e prace

O director

O secretario

Asinado: Luis Camilo Fernández Álvarez Asinado: José Carlos Dopazo Fontán